

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de outubro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e seis de outubro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2009).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 11 de outubro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(2010).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE SANITARIA (AQS) DO PAVILLÓN DA ETEA, A CONEXIÓN AOS PANEIS SOLARES EXISTENTES E O SEU MANTEMENTO DURANTE O PRAZO DE GARANTÍA. EXPTE. 1229/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 13/10/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 13 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das instalacións de produción de auga quente sanitaria (AQS) do pavillón da Etea, a conexión aos paneis solares existentes e o seu mantemento durante o prazo de garantía (1.229-611)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das instalacións de produción de auga quente sanitaria (AQS) do pavillón da Etea, a conexión aos paneis solares existentes e o seu mantemento durante o prazo de garantía (1.229-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das instalacións de produción de auga quente sanitaria (AQS) do pavillón da Etea, a conexión aos paneis solares existentes e o seu mantemento durante o prazo de garantía (1.229-611) na seguinte orde descendente:

| | LICITADOR | TOTAL |
|----------|-----------------------------|--------------|
| 1 | COSTAS Y OTERO, S.L. | 100 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COSTAS Y OTERO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP), por ter presentado xa

parte desta no Sobre A “Documentación persoal” (artigo 53.1d) da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar (de data actual).
2. Certificación de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Xunta de Galicia.
3. A documentación esixida na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 993,35 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, COSTAS Y OTERO, S.L., o día 6 de outubro de 2017, que presenta a documentación requirida o 11 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COSTAS Y OTERO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COSTAS Y OTERO, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula de data 22 de setembro de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a COSTAS Y OTERO, S.L., o procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das instalacións de produción de auga quente sanitaria (AQS) do pavillón da Etea, a conexión aos paneis solares existentes e o seu mantemento durante o prazo de garantía (1.229-611) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 63.823,81 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.076,86 euros.*
- b) Propón un incremento do prazo de garantía de 48 meses (72 meses en total).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(2011).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3994/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 13/10/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 13 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 27 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440) na seguinte orde descendente:

| Licitador | Puntuación |
|------------------|-------------------|
| SCHINDLER, S.A. | 97,00 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SCHINDLER, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que o apartado 6F do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares esixe unha determinada habilitación profesional para a execución do contrato.*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.034,58 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SCHINDLER, S.A., o día 28 de setembro, que presenta a documentación requirida o 6 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SCHINDLER, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SCHINDLER, S.A., de acordo cos informes de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e da proposición avaliable mediante fórmula, de datas 12 e 19 de setembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SCHINDLER, S.A., o procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 72.358,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.558,00 euros.*
- b) *Propón unha ampliación do prazo de garantía e mantemento de 18 meses enteiros, respecto do mínimo de 24 meses.*
- c) *Propón como mellora a renovación interior (excepto o chan e demais aspectos incluídos nos apartados 1 e 2 do PPT) dos dous ascensores existentes coa mesma estética que o novo, valorada en 1.210 euros (IVE incluído).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(2012).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 9772/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 25/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a titular de Asesoría Xurídica, o interventor xeral, e o concelleiro delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LT).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

En data 1 de setembro de 2017, o xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa da necesidade de proceder á modificación do contrato de servizo de conservación e reposición das zonas verdes da cidade de Vigo, por causa da incorporación de novas zonas e modificación das superficies das existentes.

É preciso comezar realizando unha relación fáctica, por orde cronolóxico, dos antecedentes máis relevantes deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 26 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) adoptou o seguinte acordo:

“1º Aproba-lo gasto (...).

2º Aproba-lo expediente de Servizos de Conservación e Reposición das Zonas Verdes da Cidade de Vigo que contén o Prego de Prescricións Técnicas particulares de data 01/09/2014 e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 15/09/2014.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- En data 6 de agosto de 2015, a XGL acordou a adxudicación deste procedemento a ALTHENIA, S.L. O contrato formalizouse o día 28 de agosto de 2015, e comezou a súa execución o día 1 de setembro do mesmo ano.

Terceiro.- En data 19 de agosto de 2015, D. Pablo Pérez Serrano, en nome e representación de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., interpón recurso especial en materia de contratación contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda excluír a súa representada do procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non xustifica-los mesmos.

En data 5 de outubro de 2015, o TACRC, en resolución nº 901/2015, acorda estimar o recurso.

Cuarto.- En data 30 de outubro de 2015, a mercantil CESPAS, S.A., presentou escrito de interposición de recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, contra o acordo da mesa de contratación de data 31 de xullo de 2015 e a resolución da XGL da mesma data, nas que exclúeselle do citado procedemento. Este recurso foi admitido a trámite por decreto de data 20 de novembro do mesmo ano e na actualidade está acumulado o recurso contencioso-administrativo que se relaciona no antecedente seguinte e pendente de resolución.

Quinto.- En data 11 de decembro de 2015, a XGL acordou “Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución 901/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, perante o Tribunal Superior de Xustiza, solicitando a adopción da medida cautelar de suspensión da execución da citada resolución”. No escrito anunciando o recurso solicitouse a adopción da medida cautelar de suspensión.

Interposto ó recurso, este é admitido a trámite en resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 11 de xaneiro de 2016.

Sexto.- En data 7 de marzo de 2016, o TSJG acorda a denegación da medida cautelar de suspensión solicitada polo Concello (antecedente quinto).

En data 14 de marzo de 2016 deuse conta á Mesa de contratación desta resolución; e a efectos do seu cumprimento, e para determinar as actuacións a seguir, esta solicitou senllos informes ao xefe do servizo xestor, Montes, parques e xardíns, e á xefa do servizo de Contratación. Ambos informes foron evacuados en data 16 de marzo de 2016.

En data 16 de marzo de 2016, dáse conta á Mesa de contratación dos citados informes e procédese á retroacción do procedemento.

En data 16 de marzo de 2016, a Mesa de contratación acepta o informe do xefe do servizo de Montes, parques e xardíns, de valoración dos criterios valorables a través de fórmula.

Sétimo.- En data 15 de abril de 2016, a XGL adoptou o acordo de clasificación de ofertas neste procedemento e acordou requirirle a documentación prevista no artigo 151 do TRLCSP ao primeiro clasificado, VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.

Oitavo.- En data 8 de xullo de 2016, a XGL acordou adxudicar a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., o citado procedemento por un prezo de 17.237.394, 62 €. Acordo que foi notificado aos licitadores nesa mesma data.

Noveno.- En data 28 de xullo de 2016, D. Luís Sánchez-Pobre Murillo, en nome e representación de ALTHENIA, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda adxudicar a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A, o procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo.

Décimo.- En data 14 de outubro de 2016, o TACRC, en resolución nº 813/2016, acordou desestimar o recurso citado no antecedente anterior.

Undécimo.- En data 2 de decembro de 2016, formalizouse o contrato con VALORIZA e comezou a súa execución en data 16 de decembro de 2016.

Duodécimo.- En data 28 de febreiro de 2017, a XGL acordou a modificación do contrato nos seguintes termos:

“1º.- Modificar o contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo nos termos reflectidos no informe do enxeñeiro municipal de data 13 de xaneiro de 2017. A modificación representa un 5,08 % do prezo primitivo do contrato, se ben so abonarase ao contratista o 0,08% da mesma, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación consonte ao seguinte cadro:

| Ano de aplicación | Período | Importe | % adxudicación do prezo do contrato |
|--------------------------|----------------------------------|--------------------|--|
| Ano 2017 | Do 1 de marzo a 31 de decembro | 3.087,19 € | 0,0179 |
| Ano 2018 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 3.704,64 € | 0,0214 |
| Año 2019 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 3.704,64 € | 0,0214 |
| Año 2020 | Do 1 de xaneiro a 15de decembro | 3.550,27 € | 0,0205 |
| Total | | 14.046,75 € | 0,0812 |

Este gasto imputarase a aplicación presupostaria 1710-2279901.

3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación, incorporando o informe técnico do

enxeñeiro municipal de data 13 de xaneiro de 2017, e os seus anexos que delimitan o seu alcance”.

Décimo terceiro.- En data 16 de marzo de 2017, o TSXG dita a sentenza nº 121/2017 resolvendo o recurso contencioso-administrativo citado no antecedente quinto, estimando o mesmo e anulando a citada resolución 901/2015 do TACRC, que queda sen efecto.

Décimo cuarto.- En data 30 de xuño de 2017, o xefe de área de Servizos Xerais, comunicou a empresa ALTHENIA, que debería reanudar a prestación do servizo no prazo de 10 días, tal e como establece a citada sentenza.

Décimo quinto.- En data 11 de xullo de 2017, ALTHENIA presenta escrito de alegacións e formula varias cuestións. Deste escrito deuse traslado ao xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, que en data 21 de xullo, informa ao respecto o seguinte:

“Suscita a mercantil Althenia, S.L. no escrito ao que se refire o informe, no que ao mesmo importa, as seguintes cuestións:

“En primeiro lugar e deixando a salvo o seu eventual dereito a reclamar os danos e prexuízos ocasionados como consecuencia directa e inmediata da falta de realización da prestación desde o mes de decembro de 2016 ata a reanudación do contrato, Althenia, S.L., plantexa a cuestión do momento a que habería de referirse a retroacción das actuacións, considerando que este momento habería de ser o do inicio do contrato, ou canto menos aquel en que se acordou a saída desta, dado que quedaría sen efecto ao desaparecer do ordenamento xurídico o acto de adxudicación e o de formalización do contrato con Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. en data 2 de decembro de 2016.

En relación con esta cuestión suscita, tamén, Althenia, S.L. si a reanudación da execución do contrato e a retroacción das actuacións implica a necesidade da firma dun novo contrato “ou si, pola contra, a volta á vixencia do contrato de 28 de agosto de 2015 terá lugar como se atopaba o obxecto, condicións e duración do contrato a data 2 de decembro de 2016”

En segundo lugar, suscita Althenia, S.L., a cuestión de si a nulidade do contrato que co mesmo obxecto foi formalizado con Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. implica ou non a validez da modificación deste, aprobada por acordo municipal de 28 de febreiro de 2017.

“De igual modo -adúcese- puidese ocorrer que desde a aprobación do modificado de 18 de abril do presente ano e ata o día da data houberse novidades ou incidencias non regularizadas, ou a existencia de superficies non contempladas inicialmente e que precisarían o correspondente mantemento. A título de exemplo, durante o tempo en que non estivemos prestando o servizo ha ter lugar unha subida salarial do Convenio Colectivo estatal de xardinería de aproximadamente o 1% o que tería directa incidencia nos custos do persoal adscrito ao contrato”

Para rematar, aduce a alegante unha serie de incidencias técnicas que dificultan ou impiden o inmediato inicio da prestación contractual: necesidade de novas instalacións para almacén, garaxe, vestiarios para o persoal, obtención de permisos e licenzas, e

necesidade de nova adquisición de maquinaria, materiais e vehículos para a execución do contrato, cuxa adquisición require un tempo que non permite o inmediato inicio da execución do contrato.

Respecto de devanditas cuestións procede informar o que segue:

A resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, de 5 de outubro de 2015, anulou o acordo de adxudicación a Althenia, S.L. do contrato que nos ocupa así como todos os acordos posteriores e, non constando que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia suspendese a executividade de devandita resolución no seo do recurso contencioso-administrativo interposto contra a mesma por Althenia, S.L. e polo Concello de Vigo, habemos de concluír que anulada a resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales recobran toda a súa eficacia os acordos municipais anulados por esta, pois a anulación disposta polo Tribunal Administrativa era definitiva pero non firme.

Así as cousas, recobra a súa eficacia o acordo de adxudicación a Althenia, S.L. do contrato, o acto de formalización do mesmo e todos os actos posteriores adoptados para a execución de devandito contrato, sen que proceda unha nova adxudicación do contrato a favor de Althenia, S.L. nin, xa que logo, unha nova formalización deste.

En canto ao acto de adxudicación do contrato a favor de Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. e os posteriores adoptados para a súa execución, estes resultan anulados a virtude da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anulatoria da resolución do Tribunal Administrativo.

De aquí dúas consecuencias: a primeira, que a retroacción a que se refire a alegante ha de situarse no momento no que Althenia deixou de realizar as prestacións obxecto do contrato, a virtude da nova adxudicación deste a Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. e, a segunda, que a modificación do contrato adxudicado a Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. non produce efectos no contrato actualmente en vigor con Althenia, S.L., pois, de acordo co artigo 1.257 do Código Civil, os contratos só producen efecto entre as partes que os outorgan e os seus herdeiros, sen que Althenia, S.L. sexa parte nin causahabente das partes do contrato modificado. Iso, sen prexuízo de que haxa de tramitarse novamente a modificación do contrato con Althenia, S.L. ao concorrer neste as mesmas circunstancias que determinaron a modificación do contrato adxudicado a Valoriza Servicios Medioambientales, S.A., isto é, o incremento de superficies a conservar, na súa actual dimensión.

A cuestión relativa ao incremento salarial do Convenio Colectivo estatal de xardinería, de aproximadamente o 1%, ten o seu tratamento adecuado na revisión de prezos pactada no contrato.

Para rematar, non cabe estimar a alegación relativa ás incidencias técnicas que Althenia, S.L. invoca para non reanudar a execución do contrato o 1 de setembro do ano en curso. E iso porque o prazo de que dispuxo Althenia, S.L. entre a comunicación da Mesa de Contratación da súa proposta de adxudicación á alegante do contrato e o inicio das prestacións obxecto do mesmo foi dun mes, sendo así que Althenia, S.L. foi parte recorrente no recurso contencioso-administrativo no que recaeu a sentenza anulatoria da resolución do Tribunal Administrativo, que provoca a reanudación do contrato; e como parte recorrente terá perfecto coñecemento da sentenza e da súa firmeza desde o mesmo día en que lles foi notificada. A sentenza foille notificada á representación procesal de Althenia, S.L. o 20 de marzo de 2017 e a firmeza da mesma foi declarada por

auto de 19 de xuño seguinte. De 2017: Althenia, S.L. non só ha ter prazo máis que suficiente para realizar as actuacións preparatorias necesarias para a reanudación da execución do contrato, senón que o prazo que resta desde a data do presente informe ata o máximo sinalado na notificación arriba referida, de 1 de setembro, é superior ao que precisou no momento da adxudicación do contrato.

Por conseguinte, procede reiterar a Althenia, S.L. a obrigaón de reanudar a execución do contrato na data límite de 1 de setembro de 2017, coa advertencia das consecuencias da demora na reanudación da execución do contrato, que establece o artigo 212 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao que se remite a cláusula 34. d) do PCAP do contrato, de acordo coa cal: "Cando o contratista por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora no cumprimento tanto do prazo total como dos prazos parciais establecidos, estarase ao disposto no artigo 212 do TRLCSP en canto á imposición destas penalidades.

Dispón este artigo 212 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no que aquí interesa, que:

"2. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

3. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

4. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, houber incorrido en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no prego de cláusulas administrativas particulares dunhas penalidades distintas ás enumeradas no parágrafo anterior cando, atendendo ás especiais características do contrato, considérese necesario para a súa correcta execución e así se xustifique no expediente".

Tendo en conta que o prezo de adxudicación do contrato foi o de 17.237.394,62 euros, a penalidade diaria a impoñer por demora na execución do contrato sería de 3.447 euros por día de atraso.

Por outra banda, ha de advertirse tamén a Althenia, S.L. das consecuencias da resolución do contrato no caso de que esta Administración municipal optase pola resolución no caso de que Althenia non reanudase a execución do contrato no prazo sinalado; consecuencias que se establecen no artigo 225. 3 TRLCSP, conforme ao cal: "3. Cando o contrato resólvese por incumprimento culpable do contratista, este deberá indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados. A indemnización farase efectiva, en primeiro término, sobre a garantía que, no seu caso, constituíse, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista no que se refire ao importe que exceda do da garantía incautada"; danos e prexuízos que poderían alcanzar unha contía moi importante polo elevado custo que tería a recuperación das zonas verdes que, como consecuencia do incumprimento do contrato por Althenia, S.L. poderían resultar deterioradas.

Ademais, destas consecuencias haberá de advertirse, tamén, a Althenia, S.L. de que a resolución culpable do contrato por demora desta dará lugar a prohibición de contratar de Althenia coas Administracións Públicas. Así resulta do artigo 60 TRLCSP, sobre prohibicións de contratar, conforme ao cal: "(...) son circunstancias que impedirán aos empresarios contratar coas entidades comprendidas no artigo 3 da presente Lei, nas condicións establecidas no artigo 61 bis as seguintes: d) dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado cunha entidade das comprendidas no artigo 3 da presente Lei"; prohibición de contratar que afectará "tamén a aquelas empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas que concorren aquelas".

Para rematar, no que á eventual resolución do contrato refírese convén igualmente recordar que, de acordo co artigo 212. 6 TRLCSP : "6. Ao tempo de incoarse o expediente administrativo de resolución do contrato pola causa establecida na letra g) do artigo 223, poderá iniciarse o procedemento para a adxudicación do novo contrato, aínda que a adxudicación deste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución. Aplicarase a tramitación de urxencia a ambos procedementos.

Ata que se formalice o novo contrato, o contratista quedará obrigado, na forma e co alcance que determine o órgano de contratación, a adoptar as medidas necesarias por razóns de seguridade, ou indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo público ou a ruína do construído ou fabricado. A falta de acordo, a retribución do contratista fixarase a instancia deste polo órgano de contratación, unha vez concluídos os traballos e tomando como referencia os prezos que serviron de base para a celebración do contrato. O contratista poderá impugnar esta decisión ante o órgano de contratación que deberá resolver o que proceda no prazo de quince días hábiles".

Décimo sexto.- En data 21 de xullo de 2017, o Concelleiro Delegado de Parques e Xardíns, resolveu:

"Primeiro.- Requirir de Althenia, S.L., adxudicataria do contrato de servizos para o mantemento, conservación e reposición de zonas verdes na cidade de Vigo, a reanudación da execución do contrato, sinalando como data límite para iso o 1 de setembro de 2017.

Segundo.- Convocar á representación da contratista a reunión coa Concellaría-Delegada do Área de Montes, Parques e Xardíns, que terá lugar nas oficinas de devandita Área, o día 4 de agosto de 2017, ás 10,30 para tratar os asuntos seguintes:

- Programación das actuacións a levar a cabo para a reanudación do contrato.
- Determinación fixar as actuacións a realizar para a subrogación do persoal.
- Ratificación ou rectificación da persoa responsable do contrato por parte da contratista e interlocutor da mesma e persoas, no seu caso, en quen deleguen estes en escritura pública".

Décimo sétimo.- En data 17 de agosto de 2017, o xefe de área de Servizos Xerais, comunicou a empresa ALTHENIA, que debería reanudar a prestación do servizo en data 1 de outubro de 2017.

Décimo oitavo.- En data 14 de setembro de 2017, a XGL acordou:

“1º.- Iniciar procedemento para a modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo. As modificacións están reflectidas no informe da xefa do Laboratorio e o xefe de área de servizos xerais de data 13 de setembro de 2017, que se reproduce no fundamento xurídico segundo do presente informe con excepción das táboas que detallan as zonas afectadas.

2º.- A modificación representa un 2,62 % do prezo primitivo do contrato, se ben se abonarase o contratista o 1,25% da mesma, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.

3º.- Rectificar no punto 1 do acordo da XGL de 28 de febreiro de 2017 de modificación deste contrato a porcentaxe que sobre o prezo do contrato representa a mesma, substituíndo no punto 1º “5,08 %” por “3,63 %”.

4º.- Deixar sen efecto o punto 2 do acordo da XGL de 28 de febreiro de 2017 de modificación deste contrato, relativo a autorización do gasto correspondente á modificación.

5º.- Evacuar trámite de audiencia do presente acordo ó contratista, por prazo de dez días, para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.

Décimo noveno.- En data 29 de setembro de 2017, o servizo xestor emite dilixencia poñendo de manifesto un erro material no cálculo da porcentaxe de modificación do contrato. Esta circunstancia foi comunicada por correo electrónico a ALTHENIA, con carácter previo á presentación do escrito de alegacións en trámite de audiencia, tal e como pon de manifesto no mesmo, no seu punto cuarto.

Vixésimo.- En data 29 de setembro de 2017, D. Javier Delgado López, en nome e representación ALTHENIA, presenta escrito de alegacións durante o prazo concedido ao efecto.

Vixésimo primeiro.- En data 18 de outubro de 2017, a xefa de Laboratorio e o xefe do servizo de Montes, parques e xardíns, e responsable do contrato, emite informe sobre as alegacións formuladas por ALTHENIA en trámite de audiencia e actualizando os importes económicos a data 1 de novembro de 2017, pois estaban calculados para que a modificación fose efectiva en data 1 de outubro do mesmo ano.

Vixésimo segundo.- En data 19 de outubro de 2017, o responsable do contrato anexa ao expediente o listado definitivo de zonas verdes en mantemento, coincidente co recollido no informe do servizo de data 13 de setembro de 2017, do que se lle deu trámite de audiencia ao contratista.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Legislación aplicable

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizar os mesmos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ó redactar as mesmas. Así evítase conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación, principios que atópanse recollidos nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Por contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos en que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que haxa de seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Alteracións producidas na superficie das zonas verdes.
- Incorporación de novas zonas.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- Diminución ou incremento das zonas verdes obxecto deste contrato.

Se ben se establece como límite á modificación que non poderá superar o 10% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

Respecto ó procedemento a seguir en caso de modificación, prevénse as seguintes especialidades (apartado 16.E da FEC):

- O incremento da superficie das zonas verdes cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adxudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1 do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluindo sempre o 5% exento de pago.
- Para calcular o valor da modificación se aplicará á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC ó que se aplicará a porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.
- En caso de incremento de zonas verdes, poderá modificarse o contrato sen que o seu prezo experimente variación mediante a reorganización do servizo, variando outros aspectos tales como a frecuencia de mantemento, a intensidade, o cambio de tipoloxía da zona, etc.

No presente caso a modificación ven motivada porque producíronse modificacións nas superficies das zonas verdes cuxo mantemento está comprendido no obxecto do contrato, tanto incrementos como diminución das mesmas. Informan ó respecto a xefa do Laboratorio e o xefe da área de Servizos Xerais, en data 13 de setembro de 2017, o seguinte:

“No período transcorrido desde a redacción e inventariado das zonas obxecto do contrato e o inicio da prestación dos servizos por parte da Empresa Althenia (Setembro 2015) producéronse alteracións no listado de zonas por:

- Modificacións nas superficie inventariadas.
- Incorporación de novas zonas verdes.
- Retirada de zonas deportivas incluídas no prego (Acordo Xunta Goberno Local 22/01/2016).

Alteracións que non puideron ser recollidas no seu día debido aos recursos interpostos ante diferentes tribunais que ocasionaron a anulación do contrato e, polo tanto, a imposibilidade de modificalo. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 8 de xullo de 2016, en base a unha sentenza xudicial, acorda adxudicar á

empresa VALORIZA Servicios Medioambientales, SA, o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo. Tras este acordo, tramítase un expediente de ampliación do contrato de conservación, mantemento e reposición das zonas verdes da cidade de Vigo, tratando de actualizar o inventario das mesmas, a fin de que todas sexan obxecto de mantemento e conservación; ampliación que foi aprobada pola Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 28 de febreiro de 2017 e que supuxo, segundo a súa oferta, un total dun 5,361% do prezo de adxudicación do contrato e, polo tanto, unha porcentaxe imputable ao Concello do 0,36%.

Tras a última sentenza xudicial, ALTHENIA, S.L., terá que continuar coa prestación dos servizos incluídos no contrato de conservación e mantemento das zonas verdes que foi interrompido con data 16/12/2016, polo que será necesaria unha nova valoración desa primeira ampliación segundo os prezos ofertados por esta empresa.

Con motivo de obra nova, ampliacións, humanizacións, reformas, recepcións de urbanizacións, adquisicións de todo tipo, ou calquera outro, as superficies das zonas verdes de actuación municipal están sometidas a cambios de forma continuada, de maneira que dende a data na que se aprobou a primeira modificación do contrato, as superficies das zonas verdes no termo municipal de Vigo sufriron novos cambios (ampliación/detracción de áreas xa inventariadas, desaparición doutras, novas humanizacións, etc) que obrigan a unha nova actualización do inventario para poder manter aquelas zonas que na actualidade carecen de programa de mantemento, podendo sufrir deterioros importantes que dean lugar a unha merma do patrimonio municipal.

Tendo en conta que, a partir do 1 de outubro de 2017, será Althenia, S.L., a empresa que, en base a unha sentenza do Tribunal Superior de Galicia, reanude o seu contrato, interrompido con data 16 de decembro de 2016, para a prestación dos servizos de mantemento, conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo durante os 32,5 meses que lle restan ata completar os catro anos de duración do contrato, é necesaria unha nova actualización do inventario de zonas verdes para que todas as zonas verdes do termo municipal de Vigo conten con labores de conservación e mantemento que garantan a conservación do patrimonio municipal. Isto obriga a tramitación dun novo expediente de ampliación que terá que aprobar a Xunta de Goberno Local e que incluírá unha nova proposta de ampliación con aquelas zonas que sufriron modificacións desde a aprobación da primeira ampliación, á que se sumará a nova valoración desa primeira ampliación segundo a oferta presentada pola empresa Althenia, S.L.

1.- ACTUALIZACIÓN DA VALORACIÓN ECONÓMICA DA PRIMEIRA AMPLIACIÓN APROBADA EN XGL (Expte. 9151/446)

As alteracións contempladas nesa primeira ampliación desglósanse na seguinte táboa:

| Zonas Verdes | Superficies incluídas na adxudicación | Superficies totais trala incorporación das ampliacións/detraccións | Modificación das superficies |
|-------------------|---------------------------------------|--|------------------------------|
| Tipoloxía A (Has) | 4,7047 | 4,7631 | 0,0584 |

| Zonas Verdes | Superficies incluídas na adxudicación | Superficies totais trala incorporación das ampliacións/destraccións | Modificación das superficies |
|--|---------------------------------------|---|------------------------------|
| Tipoloxía B (Has) | 53,1968 | 53,7594 | 0,5626 |
| Tipoloxía C (Has) | 76,5240 | 75,1386 | -1,3854 |
| Tipoloxía E (Has) | 14,0938 | 16,1112 | 2,0174 |
| Tipoloxía D(Has) | 12,6446 | 12,8661 | 0,2215 |
| Tipoloxía R (Has) Rotondas e Illas | 8,3553 | 9,1197 | 0,7644 |
| Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas de ribeira | 14,1794 | 14,1685 | -0,0109 |
| Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais | 83,7814 | 84,5887 | 0,8073 |
| Arbolado. (unidades) | 10.930,0000 | 11.034,0000 | 104,0000 |
| Xardiñeiras (m ²) | 5.102,6700 | 7.017,3000 | 1.914,6300 |
| Xardiñeiras colgantes (unidades) | 243,0000 | 160,0000 | -83,0000 |
| Xardiñeiras individuais (unidades) | 167,0000 | 167,0000 | 0,0000 |
| Campos Deportivos (m2) | 11.085,3400 | 0,0000 | -11.085,3400 |

O importe da adxudicación de Althenia, S.L é de 17.894.105,96 (IVE incluído) o que supón unha baixa do 26,19%, deixando os prezos unitarios da seguinte forma:

| Zonas Verdes | Precio Unitario (€/ano) | Baixa Adxudicación | Precio Unitario Vixente (€/ano) |
|---------------------------------------|-------------------------|--------------------|---------------------------------|
| Tipoloxía A (Has) | 30.000,00 | 26,19% | 22.143,00 |
| Tipoloxía B (Has) | 25.000,00 | 26,19% | 18.452,50 |
| Tipoloxía C (Has) | 17.700,00 | 26,19% | 13.064,37 |
| Tipoloxía E (Has) | 10.700,00 | 26,19% | 7.897,67 |
| Tipoloxía D(Has) | 10.100,00 | 26,19% | 7.454,81 |
| Tipoloxía R (Has) Rotondas e Illas | 30.000,00 | 26,19% | 22.143,00 |
| Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas | 10.700,00 | 26,19% | 7.897,67 |

| | | | |
|---|----------|--------|----------|
| de ribeira | | | |
| Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais | 3.700,00 | 26,19% | 2.730,97 |
| Arbolado. (unidades) | 113,00 | 26,19% | 83,41 |
| Xardiñeiras (m ²) | 175,00 | 26,19% | 129,17 |
| Xardiñeiras colgantes (unidades) | 150,00 | 26,19% | 110,72 |
| Xardiñeiras individuais (unidades) | 150,00 | 26,19% | 110,72 |
| Campos Deportivos (m2) | 4,55 | 26,19% | 3,36 |

Aplicando estes prezos unitarios, os importes correspondentes as superficies modificadas son:

| Zonas Verdes | Superficies | Precio Unitario | Importe anual |
|--|-------------|-----------------|---------------|
| Tipoloxía A (Has) | 0,0584 | 22143,00 | 1.293,15 |
| Tipoloxía B (Has) | 0,5626 | 18452,50 | 10.381,38 |
| Tipoloxía C (Has) | -1,3854 | 13064,37 | -18.099,38 |
| Tipoloxía E (Has) | 2,0174 | 7897,67 | 15.932,76 |
| Tipoloxía D (Has) | 0,2215 | 7.454,81 | 1.651,24 |
| Tipoloxía R (Has) Rotondas e Illas | 0,76 | 22.143,00 | 16.926,11 |
| Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas de ribeira | -0,0109 | 7897,67 | -86,08 |
| Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais | 0,8073 | 2.730,97 | 2.204,71 |
| Arbolado. (unidades) | 104,0000 | 83,41 | 8.674,15 |
| Xardiñeiras (m ²) | 1914,6300 | 129,17 | 247.307,97 |
| Xardiñeiras colgantes (unidades) | -83,0000 | 110,72 | -9.189,35 |
| Xardiñeiras individuais (unidades) | 0,0000 | 110,72 | 0,00 |
| Campos Deportivos (m2) | -11085,34 | 3,36 | -37.228,51 |

| | |
|---|-------------------|
| Importe total da primeira ampliación | 239.768,15 |
|---|-------------------|

O importe económico resultado das modificacións de superficie desta primeira ampliación é de 239.768,15 €/ano e, segundo o apartado 3.1 do prego de Bases Técnicas, o 5 % do prezo de adxudicación (894.705,30€/total contrato), non afectará ó prezo do contrato. Polo tanto, os importes económicos que **non se imputarán**, considerando un período de 32,5 meses dende a data na que Althenia retomará o contrato (01/10/2017) ata final do mesmo, quedan desglosados como segue:

| Ano de aplicación | Período | Importe económico (€/ano) |
|--------------------------|----------------------------------|----------------------------------|
| Ano 2017 | Do 1 de outubro a 31 de decembro | 82.588,18 |
| Ano 2018 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 330.352,73 |
| Ano 2019 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 330.352,73 |
| Ano 2020 | Do 1 de xaneiro a 15 xuño | 151.411,67 |
| Total | | 894.705,31 |

Tendo en conta o importe anual de 239.768,15 €/ano calculado para as superficies de zonas verdes modificadas na primeira ampliación, os importes imputables por períodos suporía:

| Ano de aplicación | Período | Importe económico (€/ano) | % adxudicación do prezo do contrato |
|--------------------------|----------------------------------|----------------------------------|--|
| Ano 2017 | Do 1 de outubro a 31 de decembro | 59.942,04 | 0,3350 |
| Ano 2018 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 239.768,15 | 1,3399 |
| Ano 2019 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 239.768,15 | 1,3399 |
| Ano 2020 | Do 1 de xaneiro a 15 xuño | 109.893,73 | 0,6141 |
| Total | | 649.372,07 | 3,6289 |

A porcentaxe da modificación (3,63%) non supera o 5% do prezo do contrato, polo que esta primeira ampliación non suporía custe algún para as arcas municipais, quedando un total de 245.333,21 € a aplicar sen custes”.

2.- PROPOSTA DE VALORACIÓN ECONÓMICA DA SEGUNDA AMPLIACIÓN

As zonas ampliadas e/ou detraídas, respecto ao listado definitivo incluído no expediente da primeira ampliación, detállanse a continuación:

| Zonas Verdes | Superficies incluídas na adxudicación | Superficies totais trala primeira ampliación | Superficies totais tralas ampliacións/detraccións (2ª ampliación) | Modificación das superficies (2ª ampliación) |
|--|---------------------------------------|--|---|--|
| Tipoloxía A (Has) | 4,7047 | 4,7631 | 4,7631 | 0,0000 |
| Tipoloxía B (Has) | 53,1968 | 53,7594 | 53,8063 | 0,0469 |
| Tipoloxía C (Has) | 76,5240 | 75,1386 | 75,1463 | 0,0077 |
| Tipoloxía E (Has) | 14,0938 | 16,1112 | 16,0512 | -0,0600 |
| Tipoloxía D (Has) | 12,6446 | 12,8661 | 12,0972 | -0,7689 |
| Tipoloxía R (Has) Rotondas e Illas | 8,3553 | 9,1197 | 9,1454 | 0,0257 |
| Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas de ribeira | 14,1794 | 14,1685 | 14,6880 | 0,5195 |
| Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais | 83,7814 | 84,5887 | 85,7086 | 1,1199 |
| Arbolado. (unidades) | 10.930,0000 | 11.034,0000 | 11.157,0000 | 123,0000 |
| Xardiñeiras (m ²) | 5.102,6700 | 7.017,3000 | 8.241,1700 | 1.223,8700 |
| Xardiñeiras colgantes (unidades) | 243,0000 | 160,0000 | 160,0000 | 0,0000 |
| Xardiñeiras individuais (unidades) | 167,0000 | 167,0000 | 185,0000 | 18,0000 |

| | | | | |
|------------------------|-------------|--------|--------|--------|
| Campos Deportivos (m2) | 11.085,3400 | 0,0000 | 0,0000 | 0,0000 |
|------------------------|-------------|--------|--------|--------|

Aplicando os prezos unitarios ofertados por Althenia, os importes correspondentes as superficies modificadas son:

| Zonas Verdes | Superficies | Precio Unitario | Importe anual |
|--|-------------|-----------------|-------------------|
| Tipoloxía A (Has) | 0,0000 | 22.143,00 | 0,00 |
| Tipoloxía B (Has) | 0,0469 | 18.452,50 | 865,42 |
| Tipoloxía C (Has) | 0,0077 | 13.064,37 | 100,63 |
| Tipoloxía E (Has) | -0,0600 | 7.897,67 | -473,86 |
| Tipoloxía D (Has) | -0,7689 | 7.454,81 | -5.732,00 |
| Tipoloxía R (Has) Rotondas e Illas | 0,0257 | 22.143,00 | 569,08 |
| Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas de ribeira | 0,5195 | 7897,67 | 4.102,84 |
| Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais | 1,1199 | 2730,97 | 3.058,41 |
| Arbolado. (unidades) | 123,0000 | 83,41 | 10.259,43 |
| Xardiñeiras (m ²) | 1223,8700 | 129,17 | 158.087,29 |
| Xardiñeiras colgantes (unidades) | 0,0000 | 110,72 | 0,00 |
| Xardiñeiras individuais (unidades) | 18,0000 | 110,72 | 1.992,96 |
| Campos Deportivos (m2) | 0 | 3,36 | 0,00 |
| Importe total da segunda ampliación | | | 172.830,20 |

O importe económico resultado das modificacións de superficie desta segunda ampliación é de 172.830,20 €/ano, sendo os importes imputables por períodos :

| Ano de aplicación | Período | Importe económico (€/ano) | % adxudicación do prezo do contrato |
|-------------------|----------------------------------|---------------------------|-------------------------------------|
| Ano 2017 | Do 1 de outubro a 31 de decembro | 43.207,55 | 0,2415 |
| Ano 2018 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 172.830,20 | 0,9658 |
| Ano 2019 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 172.830,20 | 0,9658 |
| Ano 2020 | Do 1 de xaneiro a 15 xuño | 79.213,84 | 0,4427 |
| Total | | 468.081,79 | 2,6158 |

A porcentaxe desta segunda modificación (2,62%) non supera o 5% do prezo do contrato, pero tendo en conta que na primeira ampliación xa se consumen un total de 649.372,07 €, a totalidade das dúas ampliacións suma un total de 1.117.453,86 €, superando en 222.748,57 € o valor do 5% que estaría exento de custe algún para as arcas municipais.

O importe económico final imputable será de 222.748,57 € durante os 32,5 meses que restan de contrato, o que equivale a 82.245,62 €/ano, quedando desglosado por períodos:

| Ano de aplicación | Período | Importe económico (€/ano) | % adxudicación do prezo do contrato |
|-------------------|----------------------------------|---------------------------|-------------------------------------|
| Ano 2017 | Do 1 de outubro a 31 de decembro | 20.561,41 | 0,1149 |
| Ano 2018 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 82.245,62 | 0,4596 |
| Ano 2019 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 82.245,62 | 0,4596 |
| Ano 2020 | Do 1 de xaneiro a 15 xuño | 37.695,92 | 0,2107 |
| Total | | 222.748,57 | 1,2448 |

Este importe anual pódese cargar á partida 1710 - 2279901”.

O servizo xestor, durante o trámite de audiencia, detectou un erro material no cálculo da porcentaxe de modificación do contrato, que pon de manifesto en dilixencia de data 29 de setembro de 2017, que foi comunicada por correo electrónico a ALTHENIA, con carácter previo á presentación do escrito de alegacións en trámite de audiencia, tal e como pon de manifesto no mesmo, no seu punto cuarto. Na mesma se di que “Tras detectar un erro nas valoracións da segunda ampliación do contrato de zonas verdes do Concello de Vigo, con motivo da reincorporación á prestación do servizo da empresa Althenia, S.L.; erro que levou a aplicar unha baixa do 26,19%, cando o valor real da baixa na oferta presentada pola citada empresa era do 25,82%, volvéronse realizar de novo os cálculos modificando o informe inicial. O erro non afectaba en ningún momento á superficie das zonas verdes ampliadas, polo que achégase o novo informe soamente coa valoración económica sen os anexos nos que se listaban as zonas a ampliar e detraer, así como a listaxe definitiva das zonas en mantemento, listaxes que sufriron cambio algún”.

Así mesmo, en informe de data 18 de outubro de 2017, procedese a axustar as táboas anteriores, por canto o importe da modificación estaba calculado prevendo que esta sería efectiva en data 1 de outubro, non entanto será efectiva o 1 de novembro deste ano. Segundo este informe:

“Actualizando a valoración económica de todas as superficies de zonas verdes modificadas con respecto a relación das mesmas incluída no PPT para a conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (expte. 7614/446), considerando como data previsible de inicio de execución da modificación o vindeiro 01 de novembro de 2017, toda vez que as superficies modificadas son as mesmas que figuraban nos informes anteriores.

| Zonas Verdes | Superficies incluídas na adxudicación | Superficies totais trala primeira ampliación | Superficies totais tralas ampliacións/detraccións (2ª ampliación) | Modificación das superficies |
|---------------------------------------|---------------------------------------|--|---|------------------------------|
| Tipoloxía A (Has) | 4,7047 | 4,7631 | 4,7631 | 0,0584 |
| Tipoloxía B (Has) | 53,1968 | 53,7594 | 53,8063 | 0,6095 |
| Tipoloxía C (Has) | 76,5240 | 75,1386 | 75,1463 | -1,3777 |
| Tipoloxía E (Has) | 14,0938 | 16,1112 | 16,0512 | 1,9574 |
| Tipoloxía D (Has) | 12,6446 | 12,8661 | 12,0972 | -0,5474 |
| Tipoloxía R (Has) Rotondas e Illas | 8,3553 | 9,1197 | 9,1454 | 0,7901 |

| Zonas Verdes | Superficies incluídas na adxudicación | Superficies totais trala primeira ampliación | Superficies totais tralas ampliacións/detraccións (2ª ampliación) | Modificación das superficies |
|--|---------------------------------------|--|---|------------------------------|
| Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas de ribeira | 14,1794 | 14,1685 | 14,6880 | 0,5086 |
| Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais | 83,7814 | 84,5887 | 85,7086 | 1,9272 |
| Arbolado. (unidades) | 10.930,0000 | 11.034,0000 | 11.157,0000 | 227,0000 |
| Xardiñeiras (m²) | 5.102,6700 | 7.017,3000 | 8.241,1700 | 3.138,5000 |
| Xardiñeiras colgantes (unidades) | 243,0000 | 160,0000 | 160,0000 | -83,0000 |
| Xardiñeiras individuais (unidades) | 167,0000 | 167,0000 | 185,0000 | 18,0000 |
| Campos Deportivos (m2) | 11.085,3400 | 0,0000 | 0,0000 | -11.085,3400 |

Aplicando os prezos unitarios ofertados por Althenia, os importes correspondentes as superficies modificadas son:

| Zonas Verdes | Superficies | Precio Unitario | Importe anual |
|--|-------------|-----------------|---------------|
| Tipoloxía A (Has) | 0,0584 | 22.254,00 | 1.299,63 |
| Tipoloxía B (Has) | 0,6095 | 18.545,00 | 11.303,18 |
| Tipoloxía C (Has) | -1,3777 | 13.129,86 | -18.089,01 |
| Tipoloxía E (Has) | 1,9574 | 7.937,26 | 15.536,39 |
| Tipoloxía D (Has) | -0,5474 | 7.492,18 | -4.101,22 |
| Tipoloxía R (Has) Rotondas e Illas | 0,7901 | 22.254,00 | 17.582,89 |
| Tipoloxía H (Has) Humedais e zonas de | 0,5086 | 7937,26 | 4.036,89 |

| Zonas Verdes | Superficies | Precio Unitario | Importe anual |
|--|--------------|-----------------|-------------------|
| ribeira | | | |
| Tipoloxía PF (Has) Parques Forestais | 1,9272 | 2744,66 | 5.289,51 |
| Arbolado. (unidades) | 227,0000 | 83,82 | 19.027,14 |
| Xardiñeiras (m ²) | 3.138,5000 | 129,82 | 407.424,38 |
| Xardiñeiras colgantes (unidades) | -83,0000 | 111,27 | -9.235,41 |
| Xardiñeiras indivi- duais (unidades) | 18,0000 | 111,27 | 2.002,86 |
| Campos Deportivos (m2) | -11.085,3400 | 3,38 | -37.415,13 |
| Importe total da ampliación (€/ano) | | | 414.662,10 |

O importe económico resultado das modificacións de superficie da ampliación é de 414.662,10 €/ano, que se corresponde cun valor de 34.555,17 €/mes, e un importe total nos 31,5 meses que restan de contrato de 1.088.488,01 € (6,05% do prezo de adxudicación), sendo os importes imputables por períodos :

| Ano de aplicación | Período | Importe económico (€/ano) | % adxudicación do prezo do contrato |
|-------------------|-----------------------------------|---------------------------|-------------------------------------|
| Ano 2017 | Do 1 de novembro a 31 de decembro | 69.110,35 | 0,3843 |
| Ano 2018 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 414.662,10 | 2,3057 |
| Ano 2019 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 414.662,10 | 2,3057 |
| Ano 2020 | Do 1 de xaneiro a 15 xuño | 190.053,46 | 1,0568 |
| Total | | 1.088.488,01 | 6,0525 |

Segundo o apartado 3.1 do prego de Bases Técnicas, o 5 % do prezo de adxudicación (899.205,30€/total contrato), non afectará ó prezo do contrato; polo tanto o valor imputable á ampliación con custe para o Concello, nos 31,5 meses que restan de contrato, é de 189.282,71€, que distribuído por períodos quedaría:

| Ano de aplicación | Período | Importe económico (€/ano) | % adxudicación do prezo do contrato |
|--------------------------|----------------------------------|----------------------------------|--|
| Ano 2017 | Do 1 de novembro 31 de decembro | 12.017,95 | 0,0668 |
| Ano 2018 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 72.107,70 | 0,4010 |
| Ano 2019 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 72.107,70 | 0,4010 |
| Ano 2020 | Do 1 de xaneiro a 15 xuño | 33.049,36 | 18.380,0000 |
| Total | | 189.282,71 | 1,0525 |

Este importe anual pódese cargar a partida 1710 - 2279901"

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- **Límites procedimentais:** a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación regulado no mesmo.
- **Límites materiais:** os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso evacuar trámite de audiencia ó contratista. Non é preciso solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a modificación é dun 6,15 % do prezo primitivo do contrato.

Evacuado o trámite de audiencia ó contratista, unha vez aprobado o inicio do expediente de modificación por acordo da XGL de 14 de setembro de 2017, este en escrito de alegacións presentado en data 29 de setembro, manifesta a súa desconformidade cos seguintes aspectos da proposta de modificación:

1. As detraccións de zonas verdes, por considerar que non concorren nas mesmas as causas de modificación previstas.
2. Respecto ós incrementos de zonas verdes alegan:
 - Que o acordo firmado con VALORIZA deveu nulo ao declararse nulo o acordo de adxudicación do contrato á citada mercantil pola sentenza do TSXG citada no antecedente décimo terceiro.
 - O método de cálculo aplicado para calcular a porcentaxe de modificación non é correcto por canto “parte del importe pendiente de ejecutar incluyendo las nuevas unidades y el precio de adjudicación, para proceder a minorarlo con el importe exento del total del contrato, conllevando la eliminación de la proporcionalidad del cálculo del nuevo modificado”. Ilo implica, o seu xuízo, que o importe exento de modificación, en vez dun 5% sería dun 7,5%, o cal non pode ser asumido sen provocar o deterioro económico do contrato.

Con relación a estas alegacións, o servizo xestor informa, en data 18 de outubro de 2017, o seguinte:

- Respecto as detraccións, é preciso por de releve que o apartado 16.B da FEC do PCAP prevé como aspecto a modificar “diminución ou incremento das zonas verdes obxecto deste contrato”. E entre as causas que determinan a modificación, o apartado 16.C recolle “Alteracións producidas na superficie das zonas verdes”. E as detraccións poden interpretarse como unha alteración (contía, tipoloxía, etc.) producida na superficie da zona verde, toda vez que o citado apartado non especifica o tipo de alteración a producirse na zona verde.
- O expediente de modificación/ampliación do contrato de mantemento das zonas verdes fai referencia a todas as modificacións producidas respecto á relación de zonas verdes obxecto do contrato inicial asinado por Althenia S.L., con data 28 de agosto de 2015.
- A efectos de calcular a porcentaxe de modificación do contrato exento de pago, o 5% do prezo de adxudicación do mesmo, ALTHENIA pretende aplicar a modificación á totalidade do prazo contractual, 48 meses, sen ter en conta que xa executou, 15 meses e 15 días deste prazo (do 1 de setembro de 2015 e o 15 de decembro de 2016). No entanto, a modificación é de aplicación dende que se formaliza a mesma, tal e como despréndese do apartado 16.E da FEC, non pode aplicarse con carácter retroactivo, como solicita o adxudicatario.
- Respecto á porcentaxe de baixa aplicada, o pasado 29 de setembro de 2017, remitiuse ao servizo de Contratación unha nova valoración da ampliación, corrixiendo o erro detectado na porcentaxe da baixa aplicada, indicando ademáis que o erro soamente afectaba á valoración económica, sen que modificase en ningún momento á superficie de zona verde obxecto do expediente de ampliación.

A alegación relativa á nulidade da modificación acordada con VALORIZA, xa no informe do xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, data 21 de xullo, citado no antecedente décimo quinto, recoñeceu que non ten efectos para ALTHENIA, por ser un terceiro alleo ao contrato con VALORIZA.

Respecto dos límites materiais, ponse de releve que a modificación obedece a unha razón de interese público: prover o mantemento das zonas verdes de nova creación, ou cuxa superficie resultou incrementada. O mantemento das zonas verdes e os parques forestais é unha competencia municipal obrigatoria en virtude do disposto nos artigos 25.2.b e 26.1.b da LBRL e 80.2.d e 81.b da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ó contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. No entanto, e tal e como se desprende do informe do enxeñeiro municipal transcrito no fundamento xurídico anterior, a Administración ten que compensar o contratista pola modificación proposta ata 5% do prezo do contrato, en virtude do disposto no apartado 16.E da FEC, polo que procedería aboarlle unicamente un 1,15% do prezo da modificación proposta.

-IV-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais nos artigos 321 LALGA, 114.3 TRRL e 102 RLCAP: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

O acordo de modificación deberá ser obxecto de publicación (artigo 8.1.a LT) e remitirse ao Consello de Contas (artigo 29.1 TRLCSP) nos tres meses seguintes á formalización.

-V-

Do reaxuste da garantía definitiva

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Na actualidade unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva. Se ben se permite que en casos especiais, o órgano de contratación poida establecer no prego de cláusulas que, ademais da garantía definitiva, préstese unha complementaria de ata un 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía total un 10 por 100 do prezo do contrato (artigo 95.2).

A garantía definitiva responde, segundo o artigo 100 do TRLCSP:

- a) Das penalidades impostas ao contratista conforme ao artigo 212.
- b) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- c) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta Lei estea establecido.
- d) Ademais, no contrato de fornezo a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens fornecidos durante o prazo de garantía que se previu no contrato.

Esta garantía esexese aos que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado. De no constituírse no prazo concedido ó efecto, decaera o seu dereito á adxudicación do contrato, e o órgano de contratación adxudicará o contrato ó licitador seguinte, polo orde no que quedasen clasificadas as ofertas (artigo 99 en relación co artigo 151 do TRLCSP).

Para responder do cumprimento deste contrato VALORIZA constituíu na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 712.289,03 euros, en data 4 de maio de 2016.

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

En consecuencia, procede reaxustar a garantía definitiva, unha vez aprobada a presente modificación con carácter previo a súa formalización.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

ACORDO:

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar as zonas verdes obxecto do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo, recollidos nos Anexos I, II e III do Prego de prescricións técnicas, consonte ao listado listado definitivo de zonas verdes en mantemento do responsable do contrato, de data 19 de outubro de 2017. A modificación representa un 6,0525 % do prezo primitivo do contrato, se ben so abonarase ao contratista o 1,0525% da mesma, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación consonte ao seguinte cadro:

| Ano de aplicación | Período | Importe económico (€/ano) | % adxudicación do prezo do contrato |
|--------------------------|----------------------------------|----------------------------------|--|
| Ano 2017 | Do 1 de novembro 31 de decembro | 12.017,95 | 0,0668 |
| Ano 2018 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 72.107,70 | 0,4010 |
| Ano 2019 | Do 1 de xaneiro a 31 de decembro | 72.107,70 | 0,4010 |
| Ano 2020 | Do 1 de xaneiro a 15 xuño | 33.049,36 | 0,1837 |
| Total | | 189.282,71 | 1,0525 |

3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.

5º.- Publicar o acordo de modificación no perfil do contratante e no portal de transparencia.

6º.- Dar traslado do presente acordo, xunto cun extracto do expediente ao Consello de Contas de Galicia”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(2013).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA 5ª EDICIÓN DA “CARREIRA SOLIDARIA POLA ESCLEROSIS MÚLTIPLE”, O DOMINGO 29 DE OUTUBRO DE 2017. EXPTE. 16392/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/10/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, o concelleiro de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade AVEMPO (Asociación Víguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra), con CIF (G-36816106), solicitou o día 28-05-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170061060), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 5º edición CARREIRA SOLIDARIA POLA ESCLEROSIS MÚLTIPLE
- Data: 29 de outubro de 2017
- Horario: 11.00 a 13.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro **domingo 29 de outubro de 2017**, a proba terá a súa saída ás 11.00h dende a Alameda Suárez Llanos, para seguir pola rúa Pescadores, Avda. E.Cabello, Beiramar (altura da gasolinera), Jacinto Benavente, Coruña, Tomás Alonso para rematar na Alameda Suárez Llanos.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento ao servizo de Limpeza e a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á entidade AEMPO (Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra), con CIF (G-36816106), a organizar o vindeiro **domingo 29 de outubro de 2017**, o evento deportivo denominado **5º edición CARREIRA SOLIDARIA POLA ESCLERÓSIS MÚLTIPLE**, a proba comenará ás 11.00h e rematará ás 13.00, tendo o seguinte percorrido: Saída dende a Alameda Suárez Llanos, para seguir pola rúa Pescadores, Avda. E.Cabello, Beiramar (altura da gasolinera), Jacinto Benavente, Coruña, Tomás Alonso para rematar na Alameda Suárez Llanos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(2014).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO PÚBLICO IES SAN TOMÉ DE TREIXEIRO POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN DO CARMEN EN TRAVESAS PARA IMPARTIR A DOCENCIA DAS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA. EXPTE. 1470/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do do 11/10/17, e o informe de fiscalización do 20/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 10/10/17, asinado polo director técnico-xefe da Unidade Deportiva, o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 1470/611 sobre a proposta de Convenio de Colaboración entre a Concellería de Deportes e o Centro Público IES San Tomé de Freixeiro pola utilización de instalacións deportivas municipais, e tendo en conta o informe de intervención de data 27 de Setembro de 2017, procede informar, atendendo ás observacións realizadas no mesmo e que a continuación se detallan:

a) Debe incorporarse copia do recibo de seguro responsabilidade civil correspondente ao período vixente, conforme ao esixido na cláusula 8.

b) A Entidade debe presentar a certificación negativa no rexistro central de delincuentes sexuais de todos os seus monitores, conforme o Real Decreto 1110/2015 de 11 de Decembro, tal e como se esixe o artigo 13,5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de Xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.

c) Debe incorporarse ao expediente certificado acreditativo de que a Federación está ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia, o Concello e coa Seguridade Social, ou informe de inexistencia de inscrición como empresario no citado sistema.

En relación o punto a) modifícase o informe proposta, eliminando a cláusula 8 do convenio que detallaba "O centro educativo presentará unha póliza de responsabilidade de cobertura da actividade previa a sinatura do convenio" . Esta póliza de responsabilidade civil é a propia da Concellería de Educación como Administración pública da que dependen os centros educativos para a ensinanza obrigatoria.

En relación o punto b) non é pertinente a presentación da certificación negativa no rexistro central de delinquentes sexuais, pois a actividade nos centros educativos e a contratación e supervisión do profesorado responsable, depende da Consellería de Educación.

En relación o punto c) non é pertinente a presentación de estar o corrente coa AEAT, Axencia Tributaria, Concello e Seguridade Social, pois o control económico dos centros educativos depende dunha administración pública como a Consellería de Educación.

Por todo o exposto, non se solicita a entidade educativa a documentación requirida e procedese á eliminación da cláusula 8 do convenio, polo que a mesma queda reformulada como segue:

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Lei 7/1985 do 2 de abril no artigo 25 2.l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostibilidade da administración local.
- Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.
- Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, nos artigos 3.1, 3.2, e nos artigos 47,48,49 relativo a convenios no sector público e 141.1, 141,2 e 141.3 no deber de colaboración entre administracións públicas.
- Instrución nº 1/2014, da Intervención Xeral.
- Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.

XUSTIFICACIÓN:

O Centro escolar IES San Tomé de Freixeiro desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na Rúa Gran Vía nº 191. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases de E.F.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A..F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados á poboación escolar pode contribuir a consolidar

hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física dos e das escolares vigueses e viguesas da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Tendo en conta o interese común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida polo Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro, considerando que ademais este centro conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interese do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a colectivos escolares, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento da dita actividade coordinado polo Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva no ámbito do deporte escolar.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración ca administración educativa e co Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos educativos e deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a o Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- a) Buscase o uso dunha instalación por un Centro Educativo Público para as actividades deportivas na asignatura de Educación Física dentro do currículo da educación obrigatoria, na instalación do pavillón polideportivo do Carmen.

- b) A Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.
- c) O Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.
- d) O Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro, será a responsable da execución da actividade, e das responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.
- e) O Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.

HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará na Instalación do Pavillón do Carmen, nos horarios seguintes:

| <i>Días</i> | <i>Horario</i> | <i>Instalación</i> |
|-----------------|----------------------|--------------------------|
| <i>Luns</i> | <i>11:00 a 15:00</i> | <i>Pavillón do Carme</i> |
| <i>Martes</i> | <i>10:00 a 15:00</i> | <i>Pavillón do Carme</i> |
| <i>Mércores</i> | <i>11:00 a 15:00</i> | <i>Pavillón do Carme</i> |
| <i>Xoves</i> | <i>10:00 a 15:00</i> | <i>Pavillón do Carme</i> |
| <i>Venres</i> | <i>11:00 a 15:00</i> | <i>Pavillón do Carme</i> |

PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración do curso lectivo 2017-2018.

VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:

O IES San Tomé de Freixeiro, en base ó artigo 5 A)1, da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 779 horas durante a duración do convenio, a 7,95 € a hora, e que ascende ó importe estimado de 6.193,05 €.

CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:

O Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro, presentarase ca representación legal correspondente para asinar o presente convenio.

PROPOSTA:

Por todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno Local.

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e o Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro para o uso da instalación deportiva dentro da asignatura de Educación Física pertencente o currículo de educación obrigatoria.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación do Carmen en Travesas, que ascende a 6.193,05 €, para o desenvolvemento das actividades, en base o apartado "A,1" do artigo 5 "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2017, na súa ordenanza 52"

c) Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DE VIGO E O CENTRO ESCOLAR PÚBLICO DO IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN MUNICIPAL DO CARMEN EN TRAVESAS PARA IMPARTIR A DOCENCIA DAS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA (exp. 1470/611)

Dunha parte: D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra parte Dona María Rocío Sío Castiñeira con Dni 36067023-X, como representante legal do Centro IES San Tomé de Freixeiro con CIF Q-8655286-F, tal como acredita.

MANIFESTAN QUE

O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre a que se atopa a do ámbito educativo.

O Centro escolar público do IES San Tomé de Freixeiro, desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na rúa Gran Vía nº 191. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases de E.F.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a E.F pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física da poboación escolar da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes de Educación Física.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a o Centro Público Educativo IES San Tomé de Freixeiro conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexirásese polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

- 1.- Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver as actividades docentes de E.F. do Centro escolar nas instalacións Municipais do Pavillón do Carmen e Pavillón Vermello en Travesas.*
- Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, nos artigos 3.1, 3.2, e nos artigos 47,48,49 relativo a convenios no sector público e 141.1, 141,2 e 141.3 no deber de colaboración entre administracións públicas.
- Instrución nº 1/2014, da Intervención Xeral.
- Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.

XUSTIFICACIÓN:

O Centro escolar IES Sta. Irene desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na parcela anexa ó Complexo Municipal de Travesas, na Praza de América, 7, en Vigo. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases de E.F.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A..F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados á poboación escolar pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física dos e das escolares vigueses e viguesas

da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Tendo en conta o interés común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida polo Centro escolar público IES Santa Irene, considerando que ademáis este centro conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interés do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a colectivos escolares, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento da dita actividade coordinado polo Centro escolar público IES Santa Irene, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva no ámbito do deporte escolar.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración ca administración educativa e co Centro escolar público IES Santa Irene. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos educativos e deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a o Centro escolar público IES Santa Irene conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- a) Buscase o uso dunha instalación por un Centro Educativo Público para as actividades deportivas na asignatura de Educación Física dentro do currículo da educación obrigatoria, na instalación do pavillón polideportivo do Carmen e Pista Polideportiva Vermella.

- b) A Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.
- c) O Centro escolar público IES Santa Irene, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.
- d) O Centro escolar público IES Santa Irene, será a responsable da execución da actividade, e das responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.
- e) O Centro escolar público IES Santa Irene, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.

HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará na Instalación do Pavillón do Carmen e Pista Polideportiva Vermella, nos horarios seguintes:

| Días | Horario |
|------------------|---------------------------------|
| De luns a Venres | Pista do Carmen de 8:00 a 10:00 |
| De luns a Venres | Pista Vermella de 8:30 a 14:30. |

PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración do curso lectivo 2017-2018.

VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:

O IES Santa Irene, en base ó artigo 5 A)1, da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 1400 horas durante a duración do convenio, a 7,95 € a hora, e que ascende ó importe estimado de 11.130,00 €.

CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:

O Centro escolar público IES Santa Irene, presentarse ca representación legal correspondente para asinar o presente convenio.

PROPOSTA:

Por todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno Local.

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e o Centro escolar público IES Santa Irene para o uso da instalación deportiva dentro da asignatura de Educación Física pertencente o currículo de educación obrigatoria.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación do Carmen e Pista Vermella en Travesas, que ascende a 11.130,00 €, para o desenvolvemento das actividades, en base o apartado “A,1” do artigo 5 “Exencións e Bonificación” das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2017, na súa ordenanza 52”

c) Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DE VIGO E O CENTRO ESCOLAR PÚBLICO DO IES SANTA IRENE POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN MUNICIPAL DO CARMEN E DA PISTA POLIDEPORTIVA VERMELLA EN TRAVESAS PARA IMPARTIR A DOCENCIA DAS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA (exp. 1473/611)

Dunha parte: D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo.

Doutra parte Dona Patricia Mena Piñeiro con Dni 36088400-C, como representante legal do Centro IES Santa Irene con CIF Q-8655098-E, tal como acredita.

MANIFESTAN QUE

O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre a que se atopa a do ámbito educativo.

O Centro escolar público do IES Santa Irene, desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na parcela anexa ó Complexo Municipal de Travesas, na Praza de América, 7, en Vigo. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases de E.F.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a E.F pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física da poboación escolar da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes de Educación Física.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e

así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a o Centro Público Educativo IES Santa Irene conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexirase polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

- 1.- Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver as actividades docentes de E.F. do Centro escolar nas instalacións Municipais do Pavillón do Carmen e Pavillón Vermello en Travesas.
- 2.- O Centro escolar IES Santa Irene, en base ó artigo 5 A)1, da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos das instalacións deportivas municipais pertencentes a Concellería de Deportes, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 1400 horas durante a duración do convenio, a 7,95 € a hora, e que ascende ó importe estimado de 11.130,00 €.
- 3.- O Centro escolar IES Santa Irene comprométese a desenvolver as clases de E.F. nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de do Carmen e Pista Vermella, nos horarios e datas establecidos no presente convenio.
- 4.- O Centro escolar IES Santa Irene presentará, á sinatura do convenio o listado de cursos que desenvolverán as clases en cada franxa horaria.
- 5.- O Centro escolar IES Santa Irene é o responsable do desenvolvemento das clases na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.
- 6.- O Centro escolar IES Santa Irene comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios das clases.
- 7.- A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade docente.
- 8.- Os alumnos que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados ás clases de E.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición da docencia.
- 9.- Os alumnos accederán á instalación precedidos polo docente responsable da clase, non estando permitido o acceso dos alumnos en caso contrario. Da mesma forma, o docente será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún alumno ou alumna queda na instalación.

10.-A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases.

11.-A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación ou mantemento. Neste caso se avisará por á entidade, debendo ésta cancelar a docencia na instalación Municipal.

12. A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para o curso académico 2017-2018. Poderá estar suxeito a posibles modificacións solicitadas polo centro, en todo caso, estarán supeditadas a criterios de organización e dispoñibilidade de instalacións:

| Días | Horario |
|------------------|---------------------------------|
| De luns a Venres | Pista do Carmen de 8:00 a 10:00 |
| De luns a Venres | Pista Vermella de 8:30 a 14:30. |

13. No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderase aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día ____ de _____ de 2017

10(2018).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO ESCOLAR PÚBLICO DO CEIP ALTAMAR PARA A UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA IMPARTIR A DOCENCIA DAS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA. EXPTE. 1474/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do do 11/10/17, e o informe de fiscalización do 20/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 10/10/17, asinado polo director técnico-xefe da Unidade Deportiva, o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 1472/611 sobre a proposta de Convenio de Colaboración entre a Concellería de Deportes e o Centro Público IES A Guía pola utilización de instalacións deportivas municipais, e tendo en conta o informe de intervención de data 27 de Setembro de 2017, procede informar, atendendo ás observacións realizadas no mesmo e que a continuación se detallan:

a) Debe incorporarse copia do recibo de seguro responsabilidade civil correspondente ao período vixente, conforme ao esixido na cláusula 8.

b) A Entidade debe presentar a certificación negativa no rexistro central de delincuentes sexuais de todos os seus monitores, conforme o Real Decreto 1110/2015 de 11 de Decembro,

tal e como se esixe o artigo 13,5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de Xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.

c) Debe incorporarse ao expediente certificado acreditativo de que a Federación está ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia, o Concello e coa Seguridade Social, ou informe de inexistencia de inscrición como empresario no citado sistema.

En relación o punto a) modifícase o informe proposta, eliminando a cláusula 8 do convenio que detallaba "O centro educativo presentará unha póliza de responsabilidade de cobertura da actividade previa a sinatura do convenio". Esta póliza de responsabilidade civil é a propia da Concellería de Educación como Administración pública da que dependen os centros educativos para a ensinanza obrigatoria.

En relación o punto b) non é pertinente a presentación da certificación negativa no rexistro central de delinquentes sexuais, pois a actividade nos centros educativos e a contratación e supervisión do profesorado responsable, depende da Consellería de Educación.

En relación o punto c) non é pertinente a presentación de estar o corrente coa AEAT, Axencia Tributaria, Concello e Seguridade Social, pois o control económico dos centros educativos depende dunha administración pública como a Consellería de Educación.

Por todo o exposto, non se solicita a entidade educativa a documentación requerida e procedese á eliminación da cláusula 8 do convenio, polo que a mesma queda reformulada como segue:

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Lei 7/1985 do 2 de abril no artigo 25 2.I) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostibilidade da administración local.
- Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.
- Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, nos artigos 3.1, 3.2, e nos artigos 47,48,49 relativo a convenios no sector público e 141.1, 141,2 e 141.3 no deber de colaboración entre administracións públicas.
- Instrución nº 1/2014, da Intervención Xeral.

- Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.

XUSTIFICACIÓN:

O Centro escolar IES A Guía desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na Avda Dona Ferminia nº1. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases do Ciclo Superior en Actividades Físico Deportivas.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A..F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados á poboación escolar pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física dos e das escolares vigueses e viguesas da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Tendo en conta o interés común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida polo Centro escolar público IES A Guía, considerando que ademáis este centro conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interés do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a colectivos escolares, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento da dita actividade coordinado polo Centro escolar público IES A Guía, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva no ámbito do deporte escolar.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración ca administración educativa e co Centro escolar público IES A Guía. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos educativos e deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a o Centro escolar público IES A Guía conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D.

3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- a) Buscase o uso dunha instalación por un Centro Educativo Público para as actividades deportivas no Ciclo Superior en Actividades Físico Deportivas. dentro do currículo da educación obrigatoria, na instalación do pavillón polideportivo de Teis, piscina de Teis, Frontons exteriores de Travesas, pistas de tenis de samil.
- b) A Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.
- c) O Centro escolar público IES A Guía, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.
- d) O Centro escolar público IES A Guía, será a responsable da execución da actividade, e das responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.
- e) O Centro escolar público IES A Guía, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.

HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará na Instalación do Pavillón de Teis, Piscina de Teis, Frontons exteriores e pistas de tenis de samil, nos horarios seguintes:

| Días | | Horario |
|------------------|--|-----------------|
| De Luns a Venres | Pavillón de Teis | 8:00h a 10:00h |
| luns | Piscina de Teis. 2 rúas (do 8 de xaneiro o 23 de marzo) | 8:10h a 9:50h |
| Martes | Piscina de Teis. 2 rúas (do 8 de xaneiro o 23 de marzo) | 12:50h a 14,30h |
| Mércoles | Piscina de Teis. 2 rúas (do 8 de xaneiro o 23 de marzo) | 12:50h a 13:40h |
| Xoves | Piscina de Teis. 2 rúas (do 8 de xaneiro o 23 de marzo) | 13:40h a 15:20h |
| luns | Piscina de Teis. 2 rúas (do 15 de Setembro o 21 de decembro, do 8 xan o 22 de marzo, do 3 de abril o 8 xuño) | 9:50h a 11:30h |
| xoves | Piscina de Teis. 2 rúas (do 15 de Setembro o 21 de decembro, do 8 xan o 22 de marzo, do 3 de abril o 8 xuño) | 12:00h a 13:40h |
| venres | Piscina de Teis. 2 rúas (do 15 de Setembro o 21 de decembro, do 8 xan o 22 de marzo, do 3 de abril o 8 xuño) | 12:50h a 14:30h |
| Xoves e Venres | 5 frontóns exteriores (22 e 23 de marzo) | 8:00h a 10:00h |

| | | |
|----------------|--|----------------|
| Xoves e Venres | 5 pistas de tenis(nº4-5-6-7-8-9) e 1 de padel(nº1) (do 5 de Abril o 8 de Xuño) | 8:00h a 10:00h |
|----------------|--|----------------|

PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración do curso lectivo 2017-2018.

VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:

O IES A Guía, en base ó artigo 5 A)1, da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 354 horas do pavillón de teis a 7,95 €, un total de 491,75 h da piscina de Teis a 5,85 € a hora, 20 horas dos frontons exteriores de travesas a 7,95 € a hora, e 658 h de 6 pistas de tenis e 1 de padel na instalación de Samil a 7,95 € a hora, durante a duración do convenio, e que ascende ó importe estimado de 11.081,13 €.

CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:

O Centro escolar público IES A Guía, presentarase ca representación legal correspondente para asinar o presente convenio.

PROPOSTA:

Por todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno Local.

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e o Centro escolar público IES A Guía para o uso da instalación deportiva dentro do Ciclo Superior en Actividades Físico Deportivas pertencente o currículo.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación do Pavillón de Teis, piscina de teis, frontons exteriores de travesas, pistas de tenis e padel de samil, que ascende a 11.081,13 €, para o desenvolvemento das actividades, en base o apartado “A,1” do artigo 5 “Exencións e Bonificación” das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2017, na súa ordenanza 52”

c) Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DE VIGO E O CENTRO ESCOLAR PÚBLICO DO IES A GUÍA POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE TEIS, PISCINA DE TEIS, FRONTONS EXTERIORES DE TRAVESAS, PISTAS DE TENIS E PADEL DA INSTALACIÓN DE SAMIL, PARA IMPARTIR A DOCENCIA DAS CLASES DE CICLO SUPERIOR EN ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS.(exp. 1472/611)

Dunha parte: D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo.

Doutra parte Dona Lina Arias Ferreiro con Dni 36015496-A, como representante legal do Centro IES **A Guía** con CIF Q-8655351-H, tal como acredita.

MANIFESTAN QUE

O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre a que se atopa a do ámbito educativo.

O Centro escolar público do IES **A Guía**, desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, **ubicadas na Avda Dona Ferminia nº1**. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento do **Ciclo Superior en Actividades Físico Deportivas**.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a E.F pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física da poboación escolar da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes do **Ciclo Superior en Actividades Físico Deportivas**.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a o Centro Público Educativo IES **A Guía** conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexiráse polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

- 1.- Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver as actividades docentes do **Ciclo Superior en Actividades Físico Deportivas** do Centro escolar nas instalacións Municipais do Pavillón de Teis, Piscina de Teis, Frontons exteriores de Travesas, Pista de tenis e padel da instalación de Samil.
- 2.- O Centro escolar IES **A Guía**, en base ó artigo 5 A)1, da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos das instalacións deportivas municipais pertencentes a Concellería de Deportes, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 354 horas do pavillón de teis a 7,95 €, un total de 491,75 h da piscina de Teis a 5,85 € a hora, 20 horas dos frontons exteriores de travesas a 7,95 € a hora, e 658 h de 6 pistas de tenis e 1 de padel na instalación de Samil a 7,95 € a hora, durante a duración do convenio, e que ascende ó importe estimado de 11.081,13 €.

- 3.- O Centro escolar **IES A Guía** comprométese a desenvolver as clases do **Ciclo Superior en Actividades Físico Deportivas**. nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de do Carmen en Travesas, nos horarios e datas establecidos no presente convenio.
- 4.- O Centro escolar **IES A Guía** presentará, á sinatura do convenio o listado de cursos que desenvolverán as clases en cada franxa horaria.
- 5.- O Centro escolar **IES A Guía** é o responsable do desenvolvemento das clases na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.
- 6.- O Centro escolar **IES A Guía** comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios das clases.
- 7.- A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade docente.
- 8.- Os alumnos que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados ás clases do **Ciclo Superior en Actividades Físico Deportivas**., non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición da docencia.
- 9.- Os alumnos accederán á instalación precedidos polo docente responsable da clase, non estando permitido o acceso dos alumnos en caso contrario. Da mesma forma, o docente será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún alumno ou alumna queda na instalación.
- 10.-A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases.
- 11.-A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación ou mantemento. Neste caso se avisará por á entidade, debendo ésta cancelar a docencia na instalación Municipal.
- 12.- A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para o curso académico 2017-2018. Poderá estar suxeito a posibles modificacións solicitadas polo centro, en todo caso, estarán supeditadas a criterios de organización e dispoñibilidade de instalacións:

| Días | | Horario |
|------------------|---|-----------------|
| De Luns a Venres | Pavillón de Teis | 8:00h a 10:00h |
| luns | Piscina de Teis. 2 rúas (do 8 de xaneiro o 23 de marzo) | 8:10h a 9:50h |
| Martes | Piscina de Teis. 2 rúas (do 8 de xaneiro o 23 de marzo) | 12:50h a 14,30h |
| Mércoles | Piscina de Teis. 2 rúas (do 8 de xaneiro o 23 de marzo) | 12:50h a 13:40h |
| Xoves | Piscina de Teis. 2 rúas (do 8 de xaneiro o 23 de marzo) | 13:40h a 15:20h |
| luns | Piscina de Teis. 2 rúas (do 15 de Setembro o 21 de decembro, do 8 xan | 9:50h a 11:30h |

| | | |
|----------------|--|-----------------|
| | o 22 de marzo, do 3 de abril o 8 xuño) | |
| xoves | Piscina de Teis. 2 rúas (do 15 de Setembro o 21 de decembro, do 8 xan o 22 de marzo, do 3 de abril o 8 xuño) | 12:00h a 13:40h |
| venres | Piscina de Teis. 2 rúas (do 15 de Setembro o 21 de decembro, do 8 xan o 22 de marzo, do 3 de abril o 8 xuño) | 12:50h a 14:30h |
| Xoves e Venres | 5 frontóns exteriores (22 e 23 de marzo) | 8:00h a 10:00h |
| Xoves e Venres | 5 pistas de tenis(nº4-5-6-7-8-9) e 1 de padel(nº1) (do 5 de Abril o 8 de Xuño) | 8:00h a 10:00h |

13. No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderase aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día ____ de _____ de 2017

11(2019).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2017. EXPTE. 7156/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17/10/17, e o informe de fiscalización do 20/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 11/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira delegada da Área e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 11 de outubro de 2017 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Federación de Peñas recreativas El Olivo, para a organización da Festa do Magosto 2017, que terá lugar o vindeiro 11 de novembro, na praza do Berbés.

Desde hai varios anos, o Concello vén organizando, en colaboración coa Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, a celebración deste evento, xa que o Concello non dispón dos medios suficientes para afrontar a organización en solitario destes eventos.

Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata de Reis, Entroido, etc.).

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao

limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Este convenio prevé unha disposición dineraria de 7.000,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0013 (Convenio Federación peñas - Magosto) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, a favor da Federación de peñas recreativas "El Olivo", suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O convenio non prevé máis obrigas por parte do Concello.

Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 7.641,00 euros.

A presente axuda aparece nominativamente recollida a favor do destinatario dentro do capítulo 4 do presente orzamento (Convenio Federación Peñas - Magosto) do mesmo capítulo económico.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas El Olivo, CIF G-36.704.666, para a organización da Festa do Magosto 2017, que terá lugar o vindeiro 11 de novembro na praza do Berbés.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 7.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0013 (Convenio Federación Peñas - Magosto) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A
FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA
DO MAGOSTO 2017

Na Casa do Concello de Vigo, a

de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don CAMILO PAIS MARTÍNEZ, como presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 6639/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Federación de Peñas recreativas El Olivo ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a "Festa do Magosto", na Praza do Berbés, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Festas, está interesado en preservar a cultura, o folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da festa do Magosto. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se vén celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da Cidade; primeiramente na Praza da Constitución e na actualidade no Praza do Berbés.

III.- Que dende o ano 1996 se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.000,00 (sete mil) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

V.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención,

cuxo obxecto é a programación, organización e execución da Festa do Magosto 2017", que se desenvolverá o vindeiro 12 de novembro na ribeira do Berbés.

VI.- Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

IX.- Que a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 6639/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas "El Olivo" comprométese a colaborar coa Concellería Festas do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Magosto, que terá lugar na Praza do Berbés o día 11 de novembro de 2017, e concretamente a:

1º.- Cumprir o programa obxecto deste convenio, segundo o programa que consta no expediente como anexo I e que foi confeccionado pola comisión organizadora.

2º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.

3º.- Asumir todo o concernente á organización da "FESTA DO MAGOSTO 2017", achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

4º.- Contratar todos os elementos necesarios para o bo desenvolvemento do programa.

5º.- Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Festas, e respectando a imaxe corporativa do Concello. Para tal fin editaranse polo menos 500 carteis e pancartas exteriores.

6º.- Asumir a edición, produción e difusión de todo o material gráfico da programación do MAGOSTO 2017 para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas.

7º.- Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

9º.- Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

10º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas no programa.

11º.- Deixar a zona da Praza do Berbés que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza.

12º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

13º.- Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas.

14º Á utilización de carpas ou calquera outro elemento de soporte ou cubrición que teñan certificados de homologación que cumpran co establecido pola normativa europea, así como certificado de instalación e de cumprimento das medidas de prevención.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, unha subvención por importe de 7.000,00 € (sete mil euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Agosto.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES09.2080.5077.9330.4001.6285 da

entidade bancaria NOVAGALICIA BANCO, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, dentro do exercicio económico e antes do 1 de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitiran facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal

presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 7.641,00 euros.”

Décimo.- Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da LG 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Concellería de Festas e Turismo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En

todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas. A comisión encargada da planificación, seguimento e execución deste programa estará formada polos seguintes membros:

- 2 persoas designadas pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”.
- En representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións: 1 persoa técnica do Servizo de Festas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2017 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da Concellería de Festas e Turismo. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo terceiro- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

12(2020).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O EVENTO ENLAZAVIGO 2017, DO 15 AO 27 DE NOVEMBRO, CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉRENO. EXPTE. 7925/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 20/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, o secretario de Admón. Municipal e a concelleira delegada de Igualdade, que di o seguinte:

Con motivo da conmemoración o vindeiro 25 de Novembro, do *Día Internacional contra a Violencia de Xénero*, a Concellería de Igualdade e mailo Consello Municipal da Muller, presidido pola concelleira de Igualdade, logo do éxito acadado en anteriores edicións, propoñen volver a pór en marcha a iniciativa Enlaza Vigo, para reflectir o compromiso real do conxunto da cidadanía e, especialmente, na información e sensibilización da mocidade viguesa na prevención da violencia de xénero. Esta iniciativa foi premiada no ano 2013 no Concurso de

Boas Prácticas Locais contra a Violencia de Xénero, promovido pola Federación Española de Municipios e Provincias e pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero.

Un total de 2200 alumnos e alumnas de ensino secundario de Vigo e unha representación da cidadanía participaron na iniciativa Enlaza Vigo-Reacción Cidadá contra a Violencia de Xénero no ano 2016.

Nesta edición de 2017, [Enlaza Vigo](#) desenvolverá as seguintes accións:

I. Creación dun tapiz humano na rúa Colón e Urzaíz (venres, 24 de novembro pola mañá).

Esta é a actividade central do evento ENLAZA VIGO, á que se convocará a participar a toda a cidadanía viguesa así como aos centros de ensino secundario da cidade. Haberá dinamización de actividades de rúa entre as 10:00 e as 13:00 horas do venres, 24 de novembro, no tramo comprendido entre Urzaiz-República Arxentina; Colón-Uruguai e diante do museo MARCO, na rúa do Príncipe.

As actividades previstas son as seguintes:

- Sonorización aérea do espazo de actividades do 20 ao 24 de novembro.
- Descarga de vallas para acote de espazo de actividade durante a tarde do 23 de novembro.
- Descarga de material para a montaxe do escenario da actividade. A partir das 7 da mañá do venres, 24 de novembro.
- Chegada do alumnado dos centros de ensino o 24 de novembro entre as 9:30 e 11:40 h
- Realización de actividades de rúa: *performance*, actividades musicais, actividades artísticas, actividades informativas, etc, o venres, 24 de novembro entre as 10:00 e 12:00 h
- Realización dun tapiz humano con 2500-3000 persoas, o venres, 24 novembro, entre as 11:40h-12:20 h.
- Lectura do manifesto central no escenario instalado ao carón da Farola de Urzaiz a cargo de representación do goberno municipal, o venres, 24 novembro, entre 11:40 -12:20 h.
- Regreso do alumnado para os respectivos centros de ensino: venres, 24 novembro, entre 12:20-13:00 h.
- Recollida das vallas e do material de escenario: venres, 24 novembro, entre as 13.00 e 20:00 h.

II. Realización dunha exposición colectiva sobre paneis (50 m lineais) colocados a ambos lados das escaleiras do Museo MARCO. Durante a semana do 15 ao 27 de

novembro estarán expostas as obras realizadas polos centros de ensino e demais colectivos da cidade.

A exposición complementarase cunha carpa de 4x8 m e elementos de comunicación que durante ese período informará á cidadanía sobre o que é a violencia de xénero, como previla e os recursos sociais que hai en Vigo, así como información da actividade central de ENLAZA VIGO .

Para a realización das dúas actividades descritas, é necesario xestionar os seguintes trámites:

- Autorización para uso de espazo público dianteiro do Museo Marco entre os días 15 ao 27 de novembro, coa colocación de soportes de exposición lineais, dunha carpa 4x8m e de elementos de comunicación.
- Autorización para carga e descarga de material os días 14 e 15 de novembro, no entorno do Museo MARCO.
- Conexión de luz para a carpa situado o punto de enganche no inicio do edificio do Museo Marco entrando por rúa Príncipe.
- Autorización para uso do espazo comprendido entre Urzaiz-República Arxentina e Colón-Uruguai o venres 24 de novembro, con corte de circulación en horario comprendido entre 9:45 – 13:00 horas.
- Autorización para carga e descarga de material os días 23 e 24 de novembro.
- Autorización para a sonorización aérea do espazo citado.
- Conexión de luz para o escenario situado o punto de enganche no entorno da farola de Urzaiz.
- Autorización para o aparcamento de autobuses para descarga e carga de escolares nos entornos do espazo citado o venres 24 de novembro.
- Dotación de servizo de policía local e protección civil para o venres 24 de novembro.

Unha vez autorizado o evento ENLAZA VIGO 2017 pola Xunta de Goberno Local, solicitaranse os permisos necesarios na oficina de Seguridade, Mobilidade e Transporte.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar á Concellería de Igualdade e mailo Consello Municipal da Muller a organizar o evento ENLAZAVIGO 2017, durante a semana do 15 ao 27 de novembro, con motivo da conmemoración do 25 de novembro, *Día Internacional contra a violencia de xénero*”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(2021).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA INDEPENDENCIA”. EXPTE. 9848/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 19/10/17, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de

Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Xurídico dos Servizos Xerais e o concelleiro-delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, que di o seguinte:

1.- O Concello de Vigo, en sesión levada a cabo o día 26 de xullo de 2017, aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria nº 41/2017, expoñéndose o expediente ao público segundo anuncio publicado no BOP de data 2 de agosto de 2017.

Transcorrido o prazo de exposición, sen que se presentase reclamación algunha, considérase definitivamente aprobada a modificación orzamentaria nº 41/17 (BOP Nº 168, de data 1 de setembro de 2017).

A modificación orzamentaria nº 41/17, Crédito Extraordinario, correspondente ao expediente 44/142, en aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016, contempla a partida 1710.6190026 "Parque Infantil Praza Independencia".

2.- Para levar a cabo esta actuación, o concelleiro delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, por resolución de data 11 de agosto de 2017, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe de 300,00 euros, para a redacción do proxecto de ampliación do parque infantil da Praza da Independencia, a prol da empresa Constraula Enxinería i Obres, SAU (A58142639) (expte. 9669/446).

3.- O proxecto presentado pola empresa Constraula Enxinería i Obres, SAU, en cumprimento do contrato, redactado polo enxeñeiro de camiños canais e portos, don Francisco Ullod Marcos, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de CENTO NOVENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (199.999,69€) e data setembro de 2017.

4.- O Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 29 de setembro de 2017, informou que o proxecto de ampliación do parque infantil da Praza da Independencia presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o concelleiro delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 29 de setembro de 2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5.- O xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asis. Municipal emitiu informe, en data 28 de agosto de 2017, co seguinte teor literal:

"A actuación se desenrola no parque de Praza da Independencia, en consisten as obra a executar a que se determinan a continuación

- Desmontaxe dos elementos actuais de xogos, a súa limpeza e acondicionamento para unha posterior recolocación dos mesmos.*
- Nova instalación de xogos, segundo as denominación indicadas no proxecto. A súa vez coa nova reposición e nova instalación dos xogos debera de:*
- Executarse o sistema de anclaxe mediante planchas de aceiro a o forxado, tendo especial cuidado na impermeabilización existente. Acondicionamento do pavimento de caucho actual, con nova aplicación de pavimento de uns 2 cm. De espesor. Ampliación de dito pavimento na zona contigua a existente con pavimento de caucho de 5 cm. De espesor, conformando montículos puntuales segundo o proxecto e instruccións da dirección facultativa.*
- Novo tratamento sobre o pavimento actual de adoquins efectuarase unha aplicación de tratamento das suas xuntas a base de resinas de anclaxe penetrante.*

– Os elementos de Xogos estarán dotados de sistema de iluminación a base de células fotovoltaicas, e dispondrán da correspondente protección antivandálica IK10, e seguridade fronte a o risco eléctrico.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES meses (...)"

6.- O informe tamén establece que, a vista de que o presuposto é inferior a 300.000,00 € e, segundo determina o art. 125 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público", o informe de supervisión ten carácter facultativo, que o proxecto presentado segundo a descrición do mesmo non afecta a estabilidade, seguridade e estanquidade da obra e conclúe que segundo fixa o art. 123.2 desta lei, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria, que abarca conceptos de xustificación de custes, prazo de garantía, plan de obra, Estudo básico de seguridade e saúde, Xestión de Residuos e demais documentos que definen o proxecto, Planos e Presuposto.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO:

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir un proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro-

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª.3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de "AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA INDEPENDENCIA", de data setembro de 2017, presentado pola empresa Constraula Ingeniería i Obres, SAU (A58142639), redactado polo enxeñeiro de camiños canais e portos, don Francisco Ulloa Marcos, cuxo orzamento base de licitación, IVE engadido, é de CENTO NOVENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (199.999,69€).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(2022).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE SETEMBRO DE 2017. EXPTE. 2312/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 17/10/17, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, aprobadas polo Pleno con data 28/02/2005, faise a seguinte

PROPOSTA:

*Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de setembro de 2017.*

| | |
|----------------------|--|
| Expediente | 2302-334. Curso de lingua galega <i>Achégate ao galego</i> nivel 2 |
| Decreto concelleira | data 25 de setembro de 2017 |
| Informe Intervención | RC 92788 |
| Adxudicatario | Ana María Vázquez Facchini |
| Importe | 1.512,00 euros |

| | |
|----------------------|---|
| Expediente | 2303-334. Obradoiros de regueifas para primaria e certame |
| Decreto concelleira | data 28 de setembro de 2017 |
| Informe Intervención | RC 94502 |
| Adxudicatario | ORAL de Galicia |
| Importe | 2.800,00 euros |

| | |
|----------------------|---|
| Expediente | 2304-334. Cursos de lingua galega: Cursos da auga (curso de auga doce e curso de auga salgada <i>Chegou o mar á ribeira</i>) para coñecemento da lingua galega |
| Decreto concelleira | data 25 de setembro de 2017 |
| Informe Intervención | RC 92789 |
| Adxudicatario | Xabier Xil Xardón |
| Importe | 1.584,00 euros |

| | |
|----------------------|---|
| Expediente | 2305-334. Obradoiro de ferramentas-recursos informáticos para traballar en galego |
| Decreto concelleira | data 25 de setembro de 2017 |
| Informe Intervención | RC 92790 |
| Adxudicatario | Miguel Anxo Solla Portela |
| Importe | 720,00 euros |

| | |
|----------------------|--|
| Expediente | 2308-334. Obradoiro de improvisación teatral |
| Decreto concelleira | data 28 de setembro de 2017 |
| Informe Intervención | RC 94503 |
| Adxudicatario | Manuel Polo Pérez |
| Importe | 864,00 euros |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

15(2023).- PROPOSTA DE CREACIÓN DO FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL “VIDEOVIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO” E INSCRIPCIÓN NA AGENCIA ESPAÑOLA DE PROTECCIÓN DE DATOS. EXPTE. 3788/321.

Visto o informe xurídico de data 10/10/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Atención e Participación Cidadá e o concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Da Concellería de Participación Cidadá dependen os Centros Municipais de Distrito (CMD) de Teis, Casco Vello, Coruxo, Saians, e Bouzas. Co obxecto de garantir a seguridade e integridade dos inmobles, así como das instalacións, equipos informáticos, mobiliario e outros enseres existentes, fronte a roubos e actos vandálicos, fundamentalmente no horario de inactividade daqueles e, asemade, para garantir a seguridade do persoal das oficinas de atención ao público dos CMDs, foi necesario contratar os servizos de vixilancia e/ou seguridade (alarmas e sistemas de videovixilancia) como método disuasorio de realización de accións non autorizadas ou ilícitas.

Para responder ás necesidades expostas anteriormente, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 18/05/2017, acordou “Adxudicar a PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito de Teis, Casco Vello, Coruxo, e Saiáns (expte. (3401-321) entre outras, coas seguintes condicións:

Instalación e mantemento dos seguintes sistemas de gravación:

- Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota
 - con acceso desde móbil á plataforma
 - con xestión de cámaras remota

- Propón un incremento de cámaras de videovixilancia
 - 0 cámara exterior motorizada antivandálica
 - 1 cámara exterior antivandálica

- 4 cámaras exterior / interior

Por outra banda, e debido á adscrición do Centro Municipal de Bouzas á área de Participación Cidadá, con data 25/05/2017 o concelleiro de Participación Cidadá acordou adxudicar o SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE DA OFICINA MUNICIPAL DE DISTRITOS DE BOUZAS, a prol da empresa ALCOR SEGURIDAD S.L. (B27382175), a cal debe achegar os seguintes medios materiais para a execución do contrato:

- Alarma conectada a unha central receptora de alarmas (sensores, sirenas, etc)
- Sistema de videovixilancia e gravación, que incluírá o mantemento integral do mesmo tanto de software como de hardware e disporá de dúas (2) cámaras unha na entrada ao centro e outra na sala de conferencias.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

De conformidade co establecido na Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, previa a instalación dos sistemas de videovixilancia nos Centros Municipais de Distrito de Casco Vello, Coruxo, Teis, Saiáns e Bouzas, é necesaria a creación dun ficheiro de datos de carácter persoal co fin de protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honra e intimidade persoal e familiar.

A Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, no seu artigo 20, e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada lei, no seu artigo 52, dispoñen que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das Administracións Públicas, poderán facerse unicamente por medio de disposición xeral publicada no BOE ou no diario oficial correspondente.

Asemade, o artigo 7 da Instrución 1/2006, de 8 de novembro, da Axencia Española de Protección de Datos, sinala que a persoa ou entidade que prevexa a creación de ficheiros de videovixilancia deberá notificalo á Axencia Española de Protección de Datos, para a súa inscrición no Rexistro Xeral da mesma.

Polo tanto, vista a necesidade de dispor de sistemas de videovixilancia nos Centros Municipais de Distrito de Teis, Casco Vello, Coruxo, Saiáns e Bouzas é, atendendo á normativa de aplicación en materia de protección de datos de carácter persoal, en orde a protección das liberdades públicas e dereitos fundamentais das persoas físicas garantindo os dereitos das persoas ao acceso, cancelación e rectificación dos seus datos de carácter persoal, é precisa a creación do ficheiro, de nivel básico, denominado "Videovixilancia Centros Municipais de Distrito", conforme aos requirimentos detallados no ANEXO I.

Polo anteriormente exposto, conforme ao disposto na Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada lei, a Instrución 1/2006, de 8 de novembro, da Axencia Española de Protección de Datos, sobre o tratamento de datos persoais con fins de vixilancia a través de sistemas de cámaras ou videocámaras, e no uso das competencias delegadas (resolución de delegación de competencias da Alcaldía, de 19 de xuño de 2015; e acordo da Xunta de Goberno Local, de data 19 de xuño de 2015) PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1. Autorizar ao servizo de Participación Cidadá á creación do ficheiro de datos de carácter persoal “Videovixilancia Centros Municipais de Distrito, conforme ás especificacións do Anexo I e en cumprimento do artigo 20 da Lei 15/1999.
2. O ficheiro que se recolle no anexo I desta Resolución, rexerese polas disposicións xerais que se detallan para o mesmo e estará sometido, en todo caso, ás normas legais e regulamentarias de rango superior que lle sexan aplicables.
3. Delegar no servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo a responsabilidade de xestión do ficheiro creado e a regularización do mesmo, conforme ao establecido na Lei 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal.
4. O presente acordo entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

ANEXO I. Relación de inscrición de alta do ficheiro

Ficheiro: “*Videovixilancia Centros Municipais de Distrito*”.

- a) Finalidade do ficheiro: Controlar o acceso e a seguridade das instalacións municipais a través de sistemas de videovixilancia.
- b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter os datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: Empregados, cidadáns e, en xeral, tódalas persoas que accedan ás instalacións.
- c) Procedencia e procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: Son aportados polos interesados mediante a gravación de imaxes a través dun sistema automatizado.
- d) Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos no mesmo: imaxe.
- e) Comunicacions ou cesións da datos: Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- f) Órgano responsable do ficheiro: Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.
- g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Rexistro Municipal ou Servizo de Participación Cidadá. Concello de Vigo. Praza do Rei, s/n. 36201. Vigo. Teléfono: 986 810 157.
- h) Nivel do Ficheiro: Básico.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(2024).- PROXECTO DE CONTRATO DE DEPÓSITO DAS OBRAS “AS TRES DOUNAS” DO MUSEO NACIONAL CENTRO DE ARTE REINA SOFÍA NO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”. EXPTE. 6009/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 20/10/17, asinado polo director do Museo municipal Quiñones de León, o xefe de

Xestión e Promoción Cultural, o secretario de Admón. Municipal, e o concelleiro delegado de Cultura, que di o seguinte:

O pasado 22 de xuño de 2016, de acordo co artigo 63.2 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español e cos artigos 6.3 e 8 do Regulamento de museos de titularidade estatal e do Sistema español de museos, aprobado polo Real Decreto 620/1987, de 10 de abril, o Real Patronato do Museo Nacional Centro de Arte REINA SOFÍA dispuxo: “autorizar o levantamento definitivo de depósito das obras que se relacionan a continuación, de titularidade estatal e adscritas á colección estable do Museo nacional Centro de Arte Reina Sofía, depositadas no Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”:

- TÍTULO : Morte de San Francisco
- AUTOR: Lafuente Castell, Eugenio
- Nº inv. CNRS: AS00409
- Nº inv. QUIÑONES DE LEÓN: 8440
- VALOR SEGURO: 42.000 euros

- TÍTULO : Iglesia de San Miguel
- AUTOR: Ibargoitia, Juan Bautista
- Nº inv. CNRS: AS04722
- Nº inv. QUIÑONES DE LEÓN: 8437
- VALOR SEGURO: 9.500 euros

Na mesma data e de acordo con iguais artigos, a proposta do Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, o Real Patronato do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía dispuxo “autorizar o depósito temporal dos bens que se relacionan a continuación, de titularidade estatal e adscritos á colección estable do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, por un período máximo de cinco (5) anos (prorrogable por outros cinco anos), no Museo municipal “Quiñones de León”. O acordo reflicte, así, o interese dos museos Nacional e Municipal por acadar un depósito alternativo ao levantamento que fose máis acaído á colección de arte galega municipal. As obras a depositar, segundo este acordo, son as que seguen:

- TÍTULO : As tres dounas
- AUTOR: Freixanes, José
- Nº inv. CNRS: AS07737
- VALOR SEGURO: 22.000 euros

- TÍTULO: Bodegón
- AUTOR: Colmeiro Guimaraes, Manuel
- Nº inv. CNRS: AS01996
- VALOR SEGURO: 36.000 euros

No mes de outubro de 2016 O Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía remite ao Museo municipal de Vigo “Quiñones de León” as Ordes Ministeriais de constitución do novo depósito e a correspondente proposta de contrato de depósito, que se rexe polo artigo 8 do Real Decreto 620/1987, de 20 de abril polo que se aproba o Regulamento de Museos de

Titularidade Estatal e Sistema Español de Museos. Este contrato foi informado favorablemente, a través dos seus informes tipo para estes casos, pola Asesoría Xurídica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte con data 17 de xuño de 2014.

Á vista do contrato de depósito, a súa aceptación por parte do Concello de Vigo non supón a realización de gasto extraordinario algún quedando os compromisos a asumir cobertos xa polos contratos en vigor referidos ás coleccións de arte municipal.

Á vista do exposto, coa conformidade do secretario de Administración Municipal en canto asesor xurídico da área de Cultura, do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado de Cultura, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA

“Aprobar o contrato de depósito das obras “AS TRES DOUNAS” de Xosé Freixanes e “BODEGÓN” de Manuel Colmeiro, ente o Museo Nacional Centro de Arte REINA SOFÍA e o Museo municipal de Vigo “QUIÑONES DE LEÓN”; polo cal a Concellería delegada de Cultura acepta en depósito no museo municipal as obras anteditas; por un periodo de cinco anos, prorrogable a outros cinco á conveniencia de ambas dúas partes”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONTRATO DE DEPÓSITO ENTRE O MUSEO NACIONAL CENTRO DE ARTE REINA SOFÍA E A CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA DO CONCELLO DE VIGO

Orde Ministerial: 22-06-2016

En Madrid e Vigo, a 19 de outubro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D. Manuel Borja-Villel, Director do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, actuando en nome e representación do organismo en virtude das competencias atribuídas pola Lei 34/2011, de 4 de outubro, reguladora do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (B.O.E. de 5 de outubro do 2011) e o Real Decreto 188/2013, de 15 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (B.O.E. de 6 de abril do 2013), con enderezo en 28012 Madrid, rúa Santa Isabel, nº 52.

De outra, D. Cayetano Rodríguez Escudero, con DNI 76.796.810-V , en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo.

O primeiro, en nome e representación do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (en adiante, MNCARS).

O segundo, en nome e representación da Concellería Delegada da Área de Cultura do Concello de Vigo

Ambas partes o fan en virtude da competencia que os seus respectivos cargos lles confiren e, recoñecéndose poderes e facultades suficientes,

EXPOÑEN

1. Que mediante a O.M. de 22 de xuño de 2016, autorizouse o depósito dos bens recollidos no Anexo I, adscritos ó MNCARS.
2. Que o presente depósito regúlase de acordo co artigo 8 do Real Decreto 620/1987, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Museos de Titularidade Estatal e Sistema Español de Museos.

En cumprimento deste precepto, ambas partes subscriben o presente contrato, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA- O presente contrato ten por obxecto establecer as condicións que afectarán ao depósito dos bens mobles do Patrimonio Histórico español cuxa relación e descrición figuran no Anexo I, adscritos á colección estable do MNCARS.

A entrega dos bens obxecto deste contrato formalizaranse na correspondente acta, que asinarán o Director do MNCARS e o Director do Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”

SEGUNDA- Os bens obxecto deste depósito serán exhibidos na Pinacoteca Municipal “Francisco Fernández del Riego” no seguinte enderezo: rúa Abeleira Menéndez, 8- VIGO

Calquera cambio de ubicación deberá ser autorizado expresamente pola Dirección do MNCARS, previo informe dos Departamentos de Restauración e Rexistro de Obras de Arte, e formalizarse na correspondente acta.

TERCEIRA- A duración do depósito será de cinco (5) anos a partir da autorización do mesmo mediante a correspondente Orde Ministerial.

Transcorridos cinco anos dende a autorización do depósito, este poderá renovarse por outros cinco anos como máximo, de acordo co artigo 56.1 do RD 111/1986 que desenvolve a Lei 16/1985.

No prazo mínimo de tres meses antes da finalización do período de depósito, a institución depositaria deberá solicitar formalmente e por escrito ao MNCARS a solicitude de prórroga.

O acordo de prórroga formalizarse a través da correspondente Orde Ministerial.

CUARTA- A entidade depositaria estará obrigada a:

- 1- Adoptar as medidas necesarias para a protección e seguridade dos bens e responsabilizarse do seu estado de conservación. Como anexo II a este documento se achegarán

as prescricións técnicas que o MNCARS estime necesarias para a adecuada conservación dos bens.

- 2- Facerse cargo dos gastos derivados da conservación, exhibición adecuación e transporte dos bens. A embalaxe e o transporte dos bens realizarase por persoal e empresas especializadas que deberán contar coa aprobación e supervisión dos Departamentos de Rexistro de Obras de Arte e Restauración do museo.
- 3- Sufragar os gastos derivados da presenza do correo, que actuará como representante do MNCARS e que elaborará o correspondente informe.
- 4- Subscribir unha póliza de seguro polo valor que se sinale ao efecto no Anexo I, que cubrirá os riscos derivados da entrega e devolución da obra ao MNCARS, sendo beneficiario da mesma o Estado Español, Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, MNCARS. Unha copia desta póliza incorporarase como anexo a este documento.

Asímesmo, a Concellería de Cultura do Concello de Vigo se compromete a asumir todos os custos derivados de posibles danos causados ás obras durante a súa estancia naquela institución e a responder polo valor das obras e/a súa eventual depreciación no caso de perda, roubo, destrución total ou parcial das obras. Dichos custos deberán incluír ademais, se así o requirise o dano causado, os relacionados coa viaxe

e estancia dun restaurador do MNCARS para a realización dos tratamentos de conservación-restauración que se estimen oportunos. En caso de que non fose posible a intervención *in situ*, a Concellería de Cultura do Concello de Vigo comprométese a sufragar os custos derivados da devolución da obra ao MNCARS nas condicións óptimas de protección determinadas polo Departamento de Restauración do MNCARS.

- 5- Informar ao titular dos bens sobre os extremos que este recabe e facilitarlle a inspección física dos bens obxecto deste depósito, e correr, no seu caso, cos custos derivados de dicha inspección.
- 6- Non someter os bens a tratamento algún sen o previo consentimento expreso do MNCARS. No poderán extraerse nin separarse do ben aqueles elementos complementarios ou accesorios que leve incorporados.
- 7- Facilitar o traslado dos bens para a súa participación en exposicións temporais, previa autorización do MNCARS.
- 8- Restituír os bens obxecto do depósito cando así o solicite o MNCARS.
- 9- Reintegrar os bens ao MNCARS ó término de vixencia do depósito.
- 10- Solicitar a autorización correspondente para os traballos de fotografado e reprodución ao MNCARS.
- 11- Difundir os bens de modo que queden perfectamente identificados. Farase constar, de forma expresa, a acreditación de titularidade, de acordo coa seguinte liña de crédito:
"Depósito do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía"

O incumprimento dalgunha destas obrigacións porá fin a este contrato e dará lugar á inmediata restitución dos bens, sen prexuízo das restantes responsabilidades que puideran derivarse de dichas actuacións.

QUINTA- Este contrato rexese pola Lei 16/1985, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español e as súas normas de desenvolvemento, polo RD 620/1987, de 10 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Museos de Titularidade Estatal e do Sistema Español de Museos, e polo establecido sobre depósitos no Código Civil.

SEXTA- O MNCARS terá sempre as prerrogativas de interpretación do convindo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os seus efectos.

SÉPTIMA- As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación ou resolución e efectos do contrato serán resoltas polo MNCARS, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo conforme a la Lei reguladora de dicha xurisdición.

17(2025).- PROXECTO BÁSICO DE CONSTRUCCIÓN DUN PAVILLÓN DEPORTIVO NA RÚA MANUEL COMINGES DE MATAMÁ. EXPTE. 3562/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 17/10/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.-O Concello de Vigo pretende intervir nun ámbito dunha superficie de 16.768 m² na rúa Manuel Cominges, na parroquia de Matamá, coa finalidade de construír un pavillón deportivo dunha superficie de 2.458,6 m², e urbanizar o resto da área para adicala a espazo libre (praza de uso público e zona verde) e aparcadoiro, cunha superficie a urbanizar de 7.859 m².

As dez parcelas que integran o ámbito son propiedade do Concello de Vigo, nunha superficie de 8653 m² e o resto, 8.155 m² de propiedade privada. A zona de actuación na actualidade está sen construír, e abrangue unha zona de pistas polideportivas, unha zona de recreo infantil, unha área biosaludable e unha pérgola. Ademais fronte a este espazo atópase o CEIP Josefa Alonso, o cal carece de instalacións deportivas cubertas.




Imaxe da área de intervención

Segundo.- En 30.05.17, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos mailo Xefe da Área de Investimentos municipais, emitiron informe xustificativo da necesidade de desenvolver un proxecto para a construción dun novo pavillón deportivo, procedendo a continuación o Concelleiro delegado da Área de Fomento a encargar o citado traballo de redacción do proxecto.

Terceiro.- Con data 22 de setembro de 2017, o enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o Enxeñeiro da Edificación municipais redactan o proxecto básico para construír o pavillón deportivo en Matamá.

O citado proxecto informouse favorablemente pola Oficina de Supervisión de proxectos en data no que se conclúe que presenta un grado de detalle dabondo para coñecer o carácter, extensión, localización e fins da obra proxectada, e que reúne os requisitos esixidos pola lexislación de contratos das administracións públicas.

Este mesmo informe indica que o Plan Xeral de Ordenación urbana de 1993, inclúe o ámbito de actuación como núcleo rural existente tradicional "10 06 IGREXA C" – "C SU UA 1 IGREXA" sen desenvolver, sendo posible a construción do polideportivo ao abeiro da Lei 3/2016, de 1 de marzo, de Medidas en materia de Proxectos Públicos de Urgencia ou de Excepcional Interese.



Cuarto.- O Xefe da Área de Inversións en data 06.10.17 emite informe xustificativo da excepcionalidade do interese público da actuación.

Remítese o expediente á asinante ós efectos de iniciar a tramitación oportuna para promover a execución da actuación, toda vez que o planeamento urbanístico de apricación está sen desenvolver, polo que no sería doado executar a actuación deseñada, agás que se xustifiquen razóns de excepcionalidade interese público segundo procedemento regulado na Lei 3/2016, de 1 de marzo, de Medidas en materia de Proxectos Públicos de Urgencia ou de Excepcional Interese.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.-Normativa de apricación

- Lei 3/2016, de 1 de marzo, de Medidas en materia de Proxectos Públicos de Urgencia ou de Excepcional Interese.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Plan xeral de ordenación urbana de Vigo de 1993.
- RDL 3/2011 de 14 novembro, do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público, (TRLCSP).
- RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP).

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- RD 314/2006, de 17 de marzo, Código Técnico de Edificación.
- RD 2816/1982, de 27 de agosto de Espectáculos Públicos e Actividades de Lecer.
- Decreto 292/2004, polo que se aproba o catálogo espectáculos públicos e Actividades de Lecer da Comunidade autónoma de Galicia e Decreto 160/2005 que o modifica.

II.-Descrición do proxecto de construción do pabillón deportivo e urbanización do ámbito

A memoria descritiva do proxecto básico redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e o Enxeñeiro da Edificación municipais con data 22 de setembro de 2017, recolle no apartado 1.6 o seguinte programa de necesidades:


- Polideportivo cubierto de dimensión de pista máximo 20x40
- Graderío
- 4, vestuarios de equipos , 2 vestuarios de árbitros
- 1 vestuario de personal de mantemento
- Local para cuadros eléctricos
- Almacenes
- Gimnasio
- Aseos para público
- Locales para instalacións
 - Aparcamiento exterior desde el polideportivo en ladera hacia la Rúa Canteiros con acceso desde la Rúa Manuel Cominges
 - Deberá haber una plaza de acceso
 - Deberá ordenarse el borde de la actuación de acuerdo a los espacios perimetrales existentes
 - Deberá existir una bajada en rampa desde la cota alta de la parcela hacia la zona inferior de la parcela, haciendo accesible la zona de pistas deportivas

O apartado 1.7 describe o proxecto, sinalando que o polideportivo

“se organiza en dos plantas, en la planta más baja, con salidas exteriores hacia la plaza inferior y el aparcamiento, se ubican realmente todo el programa del edificio, la pista deportiva, el gimnasio, los vestuarios, los cuartos de instalaciones y todo el resto de dependencias necesarias para el funcionamiento del edificio,...En planta baja, con acceso a nivel por el oeste de la parcela se ubica el vestíbulo de acceso con zona de control, el ambigú y las gradas para público con un aforo total de 274 espectadores...”

“...En la zona norte de la parcela y a la cota de la pista se proyecta una gran plaza pública, a la que se accede tanto desde unas escaleras desde la zona de entrada, como desde la rampa que sirve de conexión con la zona de pistas deportivas...”

“...Al otro lado de la plaza, y en pendiente hacia el norte se plantea una zona de aparcamiento el que se integran vegetación y pequeñas zonas verdes...”



Planta xeral da urbanización

O proxecto ten un orzamento de execución por contrata de 2.847.984,46 euros sen IVE e de 3.446.061,2 con IVE sendo este de 598.076,74 euros.

III.- Situación urbanística do ámbito do proxecto de intervención na rúa Manuel Cominges de Matamá


O Tribunal Supremo en sentenza de 10 de novembro de 2015, Recurso de Casación núm. 1658/2014, declara a nulidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, con aprobación definitiva parcial mediante Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia do 16/05/08 (anuncio publicado no DOGA do 3/06/08 e normativa publicada no BOP nº 151- anexo de data 6/08/08) e aprobación definitiva mediante Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 13/07/09 (anuncio publicado no DOGA do 24/07/09 e normativa publicada no BOP do 10/09/09).

Neste documento o ámbito contaba con dúas cualificacións: ordenanza 14 que ocupaba a maior parte da área, dentro dun sistema de espacios libres e zonas verdes, e outra parte calificada coa Ordenanza 13 de Áreas de edificacións dotacionais S.C (socio cultural) . O art. 9.13.2 das ordenanzas daquel Plan de 2008, admitía obras de demolición e nova planta reguladas no Título II. ***Xa que logo, este documento de ordenación integral preveía a construción dun equipamento nesta zona.***

A nulidade de pleno dereito do PXOM-08 como disposición carácter xeral provocou que recobrara vixencia o plan xeral de ordenación anterior, isto é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo aprobado definitivamente mediante acordo da Xunta de Galicia de data 29.04.1993 e publicado mediante resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de

Ordenación do Territorio e Obras Públicas do día 04.05.1993 (D.O.G. 10.05.1993). (PXOU-93).

Neste Documento vixente hoxendía (PXOU-93), según DT1ª apartado 2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia, os terreos clasifícanse como solo urbano sen desenvolver, dentro do ámbito da Unidade de Actuación 1 IGREXA, e defínense dentro do núcleo rural existente tradicional “10 06 IGREXA C” – “C SU UA 1 IGREXA”.



Situación actual do ámbito de actuación


Para poder construír o equipamento e urbanizar a área de actuación, é necesario que o Concello de Vigo, como titular da potestade expropiatoria, proceda á expropiación das seguintes parcelas, sendo o beneficiario o propio Concello, proceso que se desenvolverá mediante taxación conxunta ó abeiro deo artigo 118 da LSG:

| BIEN EXPROPIACIÓN | | | | |
|-------------------|----------------------------|--------------|--------------------------|----------------|
| OR- DEN | SITUACIÓN | PAR- CELA | TITULAR | POBLA- CIÓN |
| 4 | Calle Canteiros 91 | 07 | Paulino Fernández Costas | Vigo |
| 5 | Calle Canteiros | 49 | Modesto Bastos Fernández | Vigo |
| 6 | Calle Manuel Co- minges | 38 | FERGO GALICIA, S.A. | Vigo |
| 7 | Calle Manuel Co- minges | 37 | FERGO GALICIA, S.A. | Vigo |
| 8 | Calle Manuel Co- minges | 36 | FERGO GALICIA, S.A. | Vigo |

| | | | | |
|----|-----------------|----|-------------------------|------|
| 9 | Calle Canteiros | 50 | Agustín Campos Madernas | Vigo |
| 10 | Calle Canteiros | 08 | Pilar Pérez Alonso | Vigo |

FINCAS E SUPERFICIES AFECTADAS

| OR-DEN | REFERENCIA CATASTRAL | USO | SUPERFICIE (m ²) |
|---------------------------|----------------------|--------------------|------------------------------|
| 4 | 1822607NG2712S0001WD | Residencial | 3.001,00 |
| 5 | 1822649NG2712S0001LD | Suelo sin edificar | 1.455,00 |
| 6 | 1822638NG2712S0001HD | Suelo sin edificar | 407,00 |
| 7 | 1822637NG2712S0001UD | Suelo sin edificar | 417,00 |
| 8 | 1822636NG2712S0001ZD | Suelo sin edificar | 977,00 |
| 9 | 1822650NG2712S0001QD | Suelo sin edificar | 1.230,00 |
| 10 | 1822608NG2712S0001AD | Suelo sin edificar | 628,00 |
| SUPERFICIE TOTAL AFECTADA | | | 8.115,00 |



Parcelas a expropiar segundo proxecto municipal

IV.- Procedemento para a aprobación do proxecto

O procedemento a seguir para a aprobación do proxecto regúlase na Lei 3/2016 do 1 de marzo de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, cuxa finalidade responde, entre outras, segundo exposición de motivos: á necesidade de *“dar resposta rápida e eficaz a aqueles proxectos que non poden ser paralizados no tempo ata a aprobación de un novo plan polas consecuencias que tal paralización implicaría*

no benestar do conxunto da cidadanía galega e no crecemento social e económico da nosa Comunidade”

O artigo único detalla a tramitación a seguir, e que se resume nos seguintes termos:

- Os proxectos promovidos por órganos das administracións públicas ou de dereito público que sexan desconformes co planeamento urbanístico aplicable, poderán executarse de se apreciaren **razóns de urxencia ou excepcional interese público**.
- A Administración da Comunidade Autónoma será competente para apreciar as razóns expresadas respecto dos proxectos promovidos polo Concello, cando as súas finalidades se consideren de interese público para a Comunidade Autónoma por estaren vinculadas a materias da súa competencia.
- O Concello dará traslado do proxecto á Secretaría Xeral para o Deporte, e solicitará o inicio do procedemento previsto neste artigo. O proxecto deberá ter o grao de detalle suficiente para permitir coñecer de modo certo o carácter, extensión, localización e fins da obra proxectada.
- Esa Secretaría, logo da xustificación das razóns de urxencia ou excepcional interese público concorrentes e dos intereses autonómicos afectados, dará traslado do proxecto ao Concello de Vigo. O concello, para os efectos da emisión do informe ao que se refire o parágrafo seguinte, someterá o proxecto a información pública durante un prazo de vinte días, mediante anuncio no boletín oficial da provincia e nun dos xornais de maior difusión dela.
- Unha vez finalizado o período de información pública, o concello emitirá informe no prazo dos dez días seguintes, no que, logo da valoración do resultado da información pública, se pronuncie sobre a ponderación dos intereses locais afectados. O informe incluírá a resposta razoada que o concello ofrezca aos que comparecesen no trámite, de acordo co disposto na lexislación de procedemento administrativo.
- A Secretaría Xeral para o Deporte remitirá o expediente á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, a cal solicitará con carácter de urxencia aqueles informes que sexan preceptivos de acordo coa lexislación sectorial aplicable, e, unha vez recabados eses informes, elevará o proxecto para informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, que se pronunciará sobre os aspectos urbanísticos do proxecto. Cumpridos estes trámites, devolverá o expediente completo á consellaría competente por razón da materia, (Secretaría Xeral).
- O Consello da Xunta, por proposta da Secretaría xeral para o Deporte, aprobará o proxecto se procede e, nese caso, ordenará o inicio do procedemento de alteración da ordenación urbanística correspondente. O acordo do Consello da Xunta de aprobación do proxecto será inmediatamente executivo e habilitará o órgano promotor para o inicio das obras correspondentes.
- A aprobación do proxecto comportará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.

- Se a execución dos proxectos públicos previstos neste artigo comporta a necesidade de realizar actuacións expropiatorias, terá a condición de administración expropiante e beneficiario da expropiación o concello en cuxo termo municipal se executen as obras.

En canto a estas esixencias da Lei 3/2016:

Primeiro.- Consta no expediente informe da Xefatura da Área de Inversións no que se xustifica a excepcionalidade do interese público para o desenvolvemento do proxecto, toda vez que, por unha parte

“.. a Lei 3/2012 de Deporte, non seu artigo 2 sobre as funcións do deporte, recolle:

1. A Comunidade Autónoma de Galicia recoñece as especiais funcións que o deporte desempeña na sociedade; en especial, nos ámbitos da educación, a formación e a cultura, na mellora da saúde pública, no fomento da cohesión social, no desenvolvemento e no respecto ao medio ambiente.

*2. En atención ás funcións mencionadas, o **deporte considérase de interese público para a Comunidade Autónoma de Galicia.***

E no artigo 3, como principios reitores especifica:

*a) **A consideración do deporte como actividade de interese público, co recoñecemento das especiais funcións que, para o individuo e a sociedade, posúe.***

b) O dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación algunha.

Mais especificamente:

*“..da análise territorial, e as análises do Concello de Vigo, sobre a demanda deportiva, **identifican como prioritario a necesidade de creación dunha nova infraestrutura deportiva cuberta na parroquia de Mátama –NOVO PAVILLON POLIDEPORTIVO DE MATAMA-** dentro do distrito 8, xa que esta parroquia con cerca de **4.000 habitantes, non conta con ningunha instalación deportiva municipal cuberta que posibilite o acceso á practica deportiva da poboación.**”*

Segundo.- O informe técnico da Oficina municipal do Concello de Vigo de supervisión de proxectos especifica que *“o proxecto básico ten o grao de detalle suficiente para permitir coñecer de modo certo o carácter, extensión, localización e fins da obra proxectada”*

Terceiro.- A aprobación do proxecto comportará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación, e que se detallan no Fundamento xurídico III desta proposta.

Cuarto.- En canto ó resto de determinacións, verificouse que o documento presentado define as características xerais da obra e as súas prestacións mediante a adopción e xustificación de solucións concretas, e que o seu contido é dabondo para solicitar autorizacións administrativas e define as prestacións que o pavillón proxectado ha de proporcionar para cumprir as esixencias básicas do Código Técnico da Edificación. Asemade, comprobouse que reúne os requisitos esixidos pola Lei de Contratos do Sector Público (Real Decreto Lexislativo 3/2011) e Regulamento Xeral da Lei de Contratos das

Administracións Públicas(Real Decreto 1098/2001), polo que se ten informado favorablemente, aos efectos do control ordenado polo artigo 125 do referido RDL 3/2011.

Asemade, xustificouse en canto á actividade, o cumprimento do RD 2816/1982, de 27 de agosto de Espectáculos Públicos e Actividades de Lecer, sendo o aforo de 277 persoas sentadas; todo isto sen prexuízo de que o proxecto de execución incorpore os documentos esixidos no CTE.

O uso califícase segundo Decreto 292/2004, e Decreto 160/2005, como " Pavillón deportivo: establecemento público fixo e cuberto que se destina a actividades físico-deportivas que impliquen a práctica dalgún deporte", epígrafe 2.3.2 do citado catálogo.

V.- Órgano competente

Tendo en conta que corresponde ao órgano de contratación a aprobación do proxecto no seu momento a adxudicar, a competencia para a adopción do acordo correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TR da Lei de Contratos.

Por todo o anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar ós efectos previstos no apartado seguinte, o PROXECTO BÁSICO para construír un pavillón deportivo na rúa Manuel Cominges de Matamá, dunha superficie de 2.458,6 m², e urbanizar o resto do ámbito para adicala a espazo libre (praza de uso público e zona verde) e aparcadoiro, dunha superficie de 7.859 m², proxecto redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e o Enxeñeiro da Edificación municipais en data 22.09.17, cun orzamento de execución por contrata de 2.847.984,46 euros sen IVE e de 3.446.061,2 con IVE, sendo este de 598.076,74 euros

O uso califícase segundo Decreto 292/2004 e Decreto 160/2005, como "Actividade deportiva. Pabillón deportivo", epígrafe 2.3.2

Segundo.- Promover ante a Secretaría Xeral do Deporte da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia o inicio do procedemento previsto no artigo único da Lei 3/2016, de 1 de marzo, de Medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, co fin de que o Consello da Xunta de Galicia, previa tramitación preceptiva, acorde a aprobación do proxecto redactado polo técnicos municipais do Concello de Vigo en data 22.09.17 que habilite o inicio das obras, achegando á Secretaría Xeral para o Deporte o proxecto constructivo e o "informe valorativo municipal da excepcionalidade" do mesmo.

Terceiro.- Aprobado no seu caso o proxecto polo Consello da Xunta de Galicia, ordenar ós servizos técnicos da Consellería de Fomento que presenten o correspondente proxecto de execución que comprenda os documentos necesarios para a licitación das obras, para, no seu caso, a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local en tanto que órgano de contratación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(2026).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 9944/407.

Dáse conta do informe-proposta de data 25/10/17, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos, e o Xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por parte deste organismo impuxéronse multas que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas e liquidación de execución subsidiaria que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

| | |
|---|----------------|
| 1. Expediente 1405/435 (NIF *****088Y) | 300,00 euros |
| 2. Expediente 1984/435 (NIF *****630F) | 300,00 euros |
| 3. Expediente 951/435 (CIF B*****872) | 383,75 euros |
| 4. Expediente 951/435 (NIF *****059G) | 38,75 euros |
| 5. Expediente 358/435 (NIF *****410J) | 1.000,00 euros |
| 6. Expediente 15167/423 (NIF *****892F) | 3.000,00 euros |
| 7. Expediente 467/435 (CIF B*****579) | 2.000,00 euros |
| 8. Expediente 288/435 (CIF B*****579) | 3.500,00 euros |
| 9. Expediente 1205/426 (NIF *****759M) | 2.500,00 euros |
| 10. Expediente 959/435 (CIF B*****147) | 3.000,00 euros |
| 11. Expediente 863/435 (CIF B*****147) | 4.000,00 euros |
| 12. Expediente 2185/435 (CIF A*****604) | 900,00 euros |
| 13. Expediente 2001/435 (CIF A*****604) | 1.000,00 euros |
| 14. Expediente 897/435 (CIF A*****604) | 1.000,00 euros |
| 15. Expediente 897/435 (CIF A*****604) | 2.000,00 euros |
| 16. Expediente 205/435 (CIF B*****803) | 4.150,00 euros |
| 17. Expediente 204/435 (CIF B*****803) | 5.500,00 euros |
| 18. Expediente 1028/426 (CIF B*****569) | 1.000,00 euros |
| 19. Expediente 391/435 (CIF B*****569) | 1.000,00 euros |
| 20. Expediente 1028/435 (CIF B*****569) | 2.000,00 euros |

| | |
|--|----------------|
| 21. Expediente 894/426 (CIF A*****667) | 2.000,00 euros |
| 22. Expediente 2334/426 (CIF B*****861) | 2.150,00 euros |
| 23. Expediente 46779/421 (CIF B*****861) | 5.150,00 euros |
| 24. Expediente 2430/426 (CIF A*****158) | 1.000,00 euros |
| 25. Expediente 3734/426 (CIF A*****158) | 1.150,00 euros |
| 26. Expediente 2430/426 (CIF A*****158) | 2.000,00 euros |
| 27. Expediente 3734/426 (CIF A*****158) | 2.500,00 euros |
| 28. Expediente 996/435 (NIF *****394Z) | 2.000,00 euros |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

19(2027).- CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN DO PERI IV-09, BAIXADA A SAN ROQUE. EXPTE. 5179/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 17/10/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral e o xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Con data do 28.06.2004, o Pleno do Concello de Vigo adoptou, entre outros, o seguinte acordo, "(...) *Aprobar definitivamente o PERI IV- Baixada a San Roque, na súa última versión de febreiro de 2003, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis e visado polo COAG no 11.02.2003 e 15.10.2003, coa simultánea delimitación do polígono e fixación do sistema de compensación para a súa execución (...).*As súas ordenanzas foron publicadas no BOP núm. 162 do 23.08.2004.

A Xunta de goberno local, na sesión que tivo lugar o día 27.06.2005 acordou, entre outros pronunciamentos aprobar a constitución da xunta de compensación do polígono único do *PERI IV- Baixada a San Roque*, outorgada no 13.05.2005 en Escritura pública perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 914 do seu protocolo (exp.4578/401). Posteriormente, en data 16.07.2007 o mesmo órgano local acordou aprobar definitivamente o proxecto de compensación do eido que nos ocupa (exp.4692/401).

Con data 17.09.2007, a Xunta de goberno local, acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do PERI IV- Baixada a San Roque, elaborado polo arquitecto don José María Catalán Pérez de Lis e con visado do COAG de 24.02.2006 e 31.07.2006, respectivamente.

Previa a oportuna tramitación, con data 29.06.2017 a Xunta de goberno local, entre outros pronunciamentos e no que aquí nos interesa, acordou *prestar conformidade á acta de cesión asinada o día 22.05.2017 e recibir as obras de urbanización do PERI IV-09 Baixada a San Roque, segundo o proxecto de urbanización definitivamente aprobado pola Xunta de Goberno local o día 17.09.2007, elaborado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis e con visado do COAG dos días 24.02.2006 e 31.07.2006 de acordo co informe do 16.02.2017 do xefe de urbanización e infraestruturas, comezando dende a adopción deste acordo o prazo de garantía normativamente establecido.*

Con datas 16.03.2017 (doc. 170040186), 28.06.2017 (doc. 170093816) e 02.08.2017 (doc. 170108957) a representación da xunta reitora da Xunta de compensación, achegaba a través do rexistro xeral desta XMU senllos escritos, aos que xunta documentación consistente en: Escritura pública de aceptación de estatutos outorgada perante o notario desta cidade don José María Rueda

Pérez ao núm. 1660 do seu protocolo, escritura pública de disolución da xunta de compensación e constitución da entidade urbanística de compensación outorgada perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez ao núm. 1524 do seu protocolo, escritura complementaria de aceptación de estatutos outorgada perante o amentado notario ao número 1858 do seu protocolo e copia autenticada da acta da Asemblea extraordinaria celebrada o 14.03.2017 acreditativa dos acordos adoptados pola Xunta de Compensación do polígono, solicitando a aplicación dos Estatutos xerais de entidade urbanística de conservación aprobados polo Consello da XMU o 11.12.2003 (B.O.P. de Pontevedra, núm1 do 02.01.2004) e adhesión aos mesmos e a transformación da Xunta de Compensación en entidade urbanística colaboradora.

Con data 17.07.2017 don Celso Carid Rial en calidade de presidente da Xunta de Compensación, presenta un escrito no Rexistro xeral da XMU (doc.170102249) polo que solicita a minoración do aval presentado para responder da correcta execución das obras de urbanización (dita solicitude se tramita baixo o expediente 5191/401).

FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada.

- Plan Xeral de Ordenación Urbanística de 1993, nomeado de “Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia”, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia con data 29/04/1993 (DOG 10/05/1993),
- Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e Rehabilitación urbana,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, coas súas diversas modificacións,
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- A Lei 28/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,
- O Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,
- Ordenanza municipal reguladora das entidades urbanísticas de conservación do Concello de Vigo, aprobada polo Pleno do Concello de Vigo na sesión que tivo lugar o 30.01.2017 (Anuncio de elevación a definitiva do acordo de aprobación inicial - BOP núm. 171 do 6.09.2017-),
- Estatutos da Xerencia municipal de urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data 06.09.2010 (BOP núm. 193 do 6/10/2010),

- O resto de disposicións que poidan afectar,

II. Constitución de entidade urbanística de conservación.

O artigo 96 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en diante LSG) remite ao disposto no planeamento urbanístico no que atinxe á obriga dos propietarios do solo de constituírse en entidade urbanística de conservación para o mantemento da obra urbanizadora que proceda.

Pola súa banda, o artigo 232 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia- en diante RDLSG- establece que a conservación da urbanización corresponderá ao Concello, dita obriga iniciárase coa recepción das obras. Ata entón o deber de conservación corresponderá ao promotor do sistema de actuación, prevendo que o planeamento urbanístico poderá prever a obriga dos propietarios dos soares resultantes de constituírse en entidade urbanística de conservación e, neste caso, a conservación da urbanización corresponderá a esta entidade polo prazo que sinala o plan.

Neste senso, o vixente PXOU-93 do Concello de Vigo recolle dita obriga, nos termos referidos no artigo 3.2.3.5 das súas NN.UU dispoño na súa literalidade que, (...) *De acordo co disposto nos artigos 25.3 e 68 do RG constituíranse entidades de conservación para as zonas verdes de nova creación, bardante as que teñan a consideración de sistemas xerais.*

O proxecto de compensación do polígono, aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local do día 16.07.2007, recollía tamén a obriga dos propietarios do solo de constituírse en entidade urbanística de conservación. A teor do previsto no artigo 42.2 dos Estatutos da Xunta de Compensación, a mesma está obrigada a transformarse en entidade urbanística de conservación.

As entidades de conservación das obras de urbanización poderán constituírse pola transformación dalgunha Entidade urbanística colaboradora preexistente (Xunta de Compensación) ou, especificamente para os ditos fins, séndolle de aplicación o previsto no Título IV da vixente LSG así como o disposto no Título IV do seu Regulamento de desenvolvemento, tendo o carácter de entidades de dereito público, de adscrición obrigatoria e personalidade e capacidade xurídica propias para o cumprimento dos seus fins, segundo o disposto no artigo 96 da LSG.

A constitución da entidade urbanística de conservación, neste caso, ten lugar por transformación da Xunta de Compensación do «PERI IV-09, Baixada a San Roque» (constituída mediante escritura pública outorgada perante o notario de Vigo don José María Rueda Pérez ao núm. 914 do seu protocolo, e inscrita no nese intre vixente Rexistro especial de entidades urbanísticas colaboradoras da Xunta de Galicia por Resolución do Director xeral de urbanismo do 28.12.2010) Esta entidade rexeráse polos Estatutos xerais de entidade urbanística de conservación aprobados definitivamente polo Consello da XMU o día 11.12.2003 (B.O.P. nº. 1, do 02.01.2004) ou pola norma que nun futuro a substitúa, de acordo coas escrituras públicas outorgadas perante o Notario de Vigo e do Ilustre Colexio de Galicia, D. José María Rueda Pérez, os días 02.07.2015, 23.06.2017 e 28.07.2017, aos núm. 1660 1524 e 1858, respectivamente, do seu protocolo, quedando establecido o seu domicilio social na rúa Ecuador, num. 43, baixo, C.P.: 36.203, en Vigo.

Asemade, e tal e como dispón a escritura pública de disolución da Xunta de Compensación e constitución da Entidade Urbanística de Conservación quedan designadas as seguintes persoas para desempeñar as funcións do cargo que se lles atribúe na Xunta directiva:

Presidente: D. Celso Ramón Caride Rial

Vicepresidente: D. José Fernández Aguiar

Secretario: D. Juan Arbones Freire
Tesoureira: D. Celia Fernández Val
Vocal: D. Manuel Barja Bande

III. Supresión do Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras da Xunta de Galicia

A disposición adicional primeira do RLSG suprimiu o Rexistro de EUC dependente ata ese intre da Xunta de Galicia, dispoñendo no seu artigo 322.6 que os Concellos poderán crear, regular e xestionar un REUC radicadas no seu ámbito territorial.

De conformidade cos ditos preceptos, e por mor da “vacatio legis” producida, esta administración ven de incoar senllos expedientes para a aprobación da Ordenanza municipal reguladora do Rexistro de EUC (Expte. 5180/401) así como a creación do dito Rexistro de EUC (Expte. 5193/401), para posibilitar, entre outras, un áxil control das EUC existentes neste termo municipal, e as que nun futuro se constituán.

IV. Ordenanza municipal reguladora das Entidades urbanísticas de conservación do Concello de Vigo

Sentado o anterior, e trala entrada en vigor da “Ordenanza municipal reguladora das entidades urbanísticas do Concello de Vigo” aprobada polo Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria que tivo lugar o 30.01.2017 e publicada no “Boletín oficial” da provincia de Pontevedra núm. 171 do 06.09.2017, seranlle de aplicación á entidade de conservación que neste intre se constituíe, as disposicións nela contidas, tales como o réxime de asunción das obrigacións de mantemento e conservación das obras de urbanización así como a súa duración, entre outras, e a cuxo íntegro contido nos remitimos.

V. Órgano competente

É competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127.1.d) da LRBRL, a proposta do Consello da XMU.

Polo canto antecede, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a disolución da Xunta de compensación do «PERI IV- 09 Baixada a San Roque», e constituír por transformación neste mesmo acto a entidade urbanística de conservación do «PERI IV- 09 Baixada a San Roque» formalizada mediante senllas escrituras públicas outorgadas perante o Notario de Vigo e do Ilustre Colexio de Galicia, D. José María Rueda Pérez, os días 02.07.2015, 23.06.2017 e 28.07.2017, aos núm. 1660, 1524 e 1858, respectivamente, do seu protocolo.

SEGUNDO: Aplicar á entidade urbanística de conservación do «PERI IV- 09 Baixada a San Roque» o modelo xeral de Estatutos de Entidades Urbanísticas Colaboradoras aprobado definitivamente polo Consello da XMU o día 11.12.2003 (B.O.P. Núm. 1, do 02.01.2004) coas súas futuras modificacións de ser o caso, e as disposicións contidas na Ordenanza municipal reguladora das Entidades urbanísticas de conservación, aprobada polo Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria que tivo lugar o 30.01.2017 e publicada no “Boletín oficial” da provincia núm. 171 do 06.09.2017.

TERCEIRO: Designar como representante desta Administración municipal na entidade urbanística colaboradora, aos efectos previstos na lexislación de aplicación, á Xefa de Planeamento e Xestión D^a. M^a. Belén González Ramírez.

CUARTO: Publicar este acordo no “Boletín Oficial da Provincia” e na sede electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org>).

QUINTO: Proceder á inscrición desta entidade, con efectos informativos, no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo, que se tramita baixo o expediente núm. 5180/401 e a estes efectos, darlle traslado do presente acordo, á oficina de Planeamento e xestión e ao servizo de Informática da XMU.

SEXTO: Notificar aos interesados o presente acordo, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra o mesmo caberá interpoñer alternativamente, recurso potestativo de reposición no prazo dun (1) mes ou directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, a contar ambos prazos dende o día seguinte á notificación do presente acordo.

Non obstante, o presente informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

Con data 19/10/17, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, adopta o seguinte acordo: "O Consello, por unanimidade, acorda elevar o presente informe á Xunta de Goberno Local para a súa resolución".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(2028).- ROGOS E PREGUNTAS.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez